- ¿Aplico nuevas metodologías?
 - *Propongo actividades para fomentar el estudio autónomo (búsqueda de información complementaria, realización de trabajos, investigaciones, etc.).*
 - *Les hago trabajar la expresión oral.*

Diversidad

- Según las características de cada alumno y alumna, exijo diferentes resultados.
- Por norma, doy explicaciones generales.
- Ofrezco a cada uno de forma individual la explicación que precisa.
- Tengo en cuenta la diversidad a la hora de hacer la programación.
- Tanto en las actividades como en los exámenes, realizamos unos ejercicios más sencillos o más complicados que otros.
- Utilizo diferentes herramientas de evaluación.
- ¿Tenemos en cuenta la diversidad a la hora de organizar la clase, dividir a los alumnos y alumnas en grupos, etc.?
- ¿Los temas que tratamos tienen interés para los alumnos/as?
- ¿Qué hago para conocer las características de la clase?
 - *Una prueba al comienzo del curso escolar.*
 - *Leer los informes de años anteriores.*
 - *Al final de la evaluación me pido de las características del grupo en cuanto a diversidad se refiere.*
 - *Es el o la jefa de estudios quien me aporta toda la información que necesito.*
 - *Es en la reunión de grupo donde obtengo la mayor parte de la información.*
- ¿Dónde debemos atender a los alumnos y alumnas que no llegan al "nivel"?

Evaluación

- Al comienzo de cada unidad, los alumnos y alumnas tienen claro: cuáles son los objetivos didácticos, qué competencias vamos a desarrollar, qué actividades vamos a hacer, cómo vamos a evaluar, etc.
- Utilizo diferentes tipos de pruebas
- En la evaluación del alumno/a ¿Le comunico qué debe mejorar y le propongo ejercicios de recuperación?
- ¿Qué tengo en cuenta a la hora de establecer el resultado?
 - La nota final.
 - El avance, teniendo en cuenta las condiciones de las que parte.
 - Evaluación de la intervención del profesorado.
- Los exámenes son las principales pruebas para la calificación.
- ¿Cómo se hacen las correcciones o el seguimiento del proceso?
 - *El profesor/a a todo el grupo; el profesor/a a cada alumno/a; los alumnos/as entre ellos/as; entre profesores/as y alumnos/as.*
- ¿Qué tipo de prueba es el que más utilizo?
 - *Exámenes escritos; trabajo individual; trabajo en grupo; exposiciones orales.*
- Una vez terminada la unidad o el proyecto didáctico, evalúo la idoneidad de los recursos y de las actividades empleadas en el proceso de aprendizaje.
- Utilizo las siguientes pruebas de evaluación:
 - *Examen; examen oral; test; ejercicios; trabajos; exposiciones en público.*
- He acordado sistemas de recuperación con otros departamentos.
- Mi sistema de evaluación coincide con los de otros departamentos de la misma sección.

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica.

Esta reflexión debe facerse de xeito individual pero tamén deberá poñerse en común co resto do departamento, nas sesións da reunión de departamento mensuais.

- Unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller melloras no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos			
Contidos das unidades			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos empregados			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariade			

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Nesste curso, por ser modalidade semipresenticjal de bacharelato de adultos, non hai actividades complementarias e extraescolares programadas.

1º BACHARELATO

MATERIA

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I

PROFESOR

MARÍA OLGA GARCÍA MARTÍNEZ

B. OBXECTIVOS

B1. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

B2. OBXECTIVOS DA MATERIA DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I DE 1º BACHARELATO

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

G. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

H. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

H1. AVALIACIÓN INICIAL

H2. AVALIACIÓN CONTINUA

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

B. OBXECTIVOS

B1. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

Tal e como recolle o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, o bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos (aos que faremos referencia no desenvolvemento das unidades didácticas):

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

B2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I DE 1º BACHARELATO

Mirar a realidade social nas súas diversas manifestacións económicas, artísticas, humanísticas, políticas, etc., desde unha perspectiva matemática e acometer desde ela os problemas que considera, implica desenvolver a capacidade de simplificar e abstraer para facilitar a comprensión; a habilidade para analizar datos, entresacar os elementos fundamentais do discurso e obter conclusións razoables; rigor nas argumentacións pero, sobre todo, autonomía para establecer hipóteses e contrastalas, e para deseñar diferentes estratexias de resolución ou extrapolar os resultados obtidos a situacións análogas.

O amplo espectro de estudos aos que dá acceso o bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais obriga a formular un currículo da materia que non se circunscriba exclusivamente ao campo da economía ou a socioloxía, dando continuidade aos contidos do ensino obrigatorio. Por iso, e cun criterio exclusivamente propedéutico, a materia, dividida en dous cursos, estrutúrase en torno a tres eixes: Aritmética e Álgebra, Análise, e Probabilidade e Estatística. Os contidos do primeiro curso adquiren a dobre función de fundamentar os principais conceptos da análise funcional e ofrecer unha base sólida á economía e á interpretación de fenómenos sociais nos que interveñen dúas variables.

A área de Matemáticas aplicadas ás CCSS I de 1º BACHARELATO contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos:

- Aplicar a situacións diversas os contidos matemáticos para analizar, interpretar e valorar fenómenos sociais, co obxecto de comprender os retos que formula a sociedade actual.
- Adoptar actitudes propias da actividade matemática como a visión analítica ou a necesidade de verificación. Asumir a precisión como un criterio subordinado ao contexto, as apreciacións intuitivas como un argumento que contrastar e a apertura a novas ideas como un reto.
- Elaborar xuízos e formar criterios propios sobre fenómenos sociais e económicos, utilizando tratamentos matemáticos. Expresar e interpretar datos e mensaxes, argumentando con precisión e rigor e aceptando discrepancias e puntos de vista diferentes como un factor de enriquecemento.
- Formular hipóteses, deseñar, utilizar e contrastar estratexias diversas para a resolución de problemas que permitan enfrontarse a situacións novas con autonomía, eficacia, confianza en si mesmo e creatividade.
- Utilizar un discurso racional como método para abordar os problemas: xustificar procedementos, encadear unha correcta liña argumental, achegar rigor aos razoamentos e detectar inconsistencias lóxicas.
- Facer uso de variados recursos, incluídos os informáticos, na busca selectiva e o tratamento da información gráfica, estatística e alxébrica nas súas categorías financeira, humanística ou doutra índole, interpretando con corrección e profundidade os resultados obtidos dese tratamento.
- Adquirir e manexar con fluidez un vocabulario específico de termos e notacións matemáticos. Incorporar con naturalidade a linguaxe técnica e gráfica a situacións susceptibles de ser tratadas matematicamente.
- Utilizar o coñecemento matemático para interpretar e comprender a realidade, establecendo relacións entre as matemáticas e o ámbito social, cultural ou económico e apreciando o seu lugar, actual e histórico, como parte da nosa cultura.

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, as competencias clave do currículo as que faremos referencia ao longo da programación son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

No proxecto de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I, tal e como suxire a lei, potenciouse o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; ademais, para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, incluíronse actividades de aprendizaxe integradas que permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para valoralos, utilizaranse os estándares de aprendizaxe avaliáveis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, poñeranse en relación coas competencias clave, permitindo graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

A materia contribuirá ao desenvolvemento das competencias clave do seguinte xeito:

- A materia de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I utiliza unha terminoloxía formal que permitirá ao alumnado incorporar esta linguaxe ao seu vocabulario, e utilízala nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados das actividades e/ou problemas e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**.
- A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** son as competencias fundamentais da materia. Para desenvolver esta competencia, o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, polo tanto, as máis traballadas na materia.
- A **competencia dixital** fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo das matemáticas que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.
- A adquisición da **competencia de aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma. Ademais, ao ser unha materia progresiva, o alumnado adquire a capacidade de relacionar os contidos aprendidos durante anteriores etapas co que vai ver no presente curso e no próximo.
- Esta materia favorece o traballo en grupo, onde se fomenta o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos posibles riscos da ciencia e a tecnoloxía e permite formarse unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre o avance científico e tecnolóxico.
- O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** é básico á hora de levar a cabo o método científico de forma rigorosa e eficaz, seguindo a consecución de pasos desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións. É necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.
- A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a **conciencia e expresión cultural** das sociedades. Igualmente o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

O currículo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS está organizado en catro bloques:

- **Bloque 1.** Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- **Bloque 2.** Números e Álgebra.
- **Bloque 3.** Análise.
- **Bloque 4.** Estatística e Probabilidade.

Todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que nas unidades didácticas se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas".

No desenvolvemento das unidades didácticas aparecen codificados os criterios e estándares de avaliación segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

As unidades didácticas nas que dividimos a materia e que pasamos a desenvolver a continuación serán as seguintes:

AVALIACIÓN	UNIDADE	TÍTULO
1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1	NÚMEROS REAIS
	UNIDADE 2	ARITMÉTICA MERCANTIL
	UNIDADE 3	ECUACIÓNS, INECUACIÓNS E SISTEMAS
2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 4	FUNCIÓNS ELEMENTAIS
	UNIDADE 5	LÍMITES E CONTINUIDADE DE FUNCIÓNS
	UNIDADE 6	DERIVADAS. APLICACIÓNS
3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 7	ESTADÍSTICA BIDIMENSIONAL
	UNIDADE 8	CÁLCULO DE PROBABILIDADES
	UNIDADE 9	DISTRIBUCIÓN DE PROBABILIDADE: A BINOMIAL E A NORMAL

UNIDADE DIDÁCTICA 1: NÚMEROS REAIS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 2

OBXECTIVOS | a,b,c,d,e,f,g,h,i,l,m,n,ñ,o

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> Números reais: racionais e irracionais Intervalos. Aproximacións e erros. Notación científica. Radicaís. Operacións. Logaritmos. Propiedades. Resolución de problemas. 	B1.1.	MACS1B1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
	B1.9.	MACS1B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).	CSC CMCCT CSIEE
		MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSC CSIEE
	B1.11.	MACS1B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprende diso para situacións futuras.	CMCCT CAA
	B2.1.	MACS1B2.1.1. Recoñece os tipos números reais (racional e irracional) e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa.	CMCCT
		MACS1B2.1.2. Representa correctamente información cuantitativa mediante intervalos de números reais.	
		MACS1B2.1.3. Compara, ordena, clasifica e representa graficamente calquera número real.	
		MACS1B2.1.4. Realiza operacións numéricas con eficacia, empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, utilizando a notación máis axeitada e controlando o erro cando aproxima.	

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MACS1B1.1.1.	Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados (coñece e emprega correctamente os termos de logaritmo, base expoñente, potencia, decimal, racional, irracional, real)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Setembro: semanas 3 e 4 ▪ Outubro: semana 1 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario. • Evaluación de contidos e competencias: probas escritas correspondentes á unidade.
MACS1B1.9.1.	É capaz de facer os exercicios e problemas propostos de forma autónoma. Segue as indicacións para facer o traballo.		
MACS1B1.9.4.	Traballa en equipo repartindo o traballo. Axuda aos seus compañeiros.		
MACS1B1.11.1.	Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprende diso para situacións futuras.		
MACS1B2.1.1.	Recoñece os distintos tipos de números reais: racionais, irracionais, enteiros e naturais. Emprega os números reais correctamente para expresarse.		
MACS1B2.1.2.	Resolve problemas que se resolven empregando os intervalos de números reais (e as súas operacións, unión e intersección)		
MACS1B2.1.3.	Compara, ordena e clasifica calquera tipo de número real.		
MACS1B2.1.4.	Realiza operacións combinadas con e sen calculadora con números reais. Realiza correctamente operacións con radicais e potencias. Realiza correctamente operacións con logaritmos empregando a definición e as súas propiedades. Realiza correctamente operacións con números expresados en notación científica.		

UNIDADE DIDÁCTICA 2: ARITMÉTICA MERCANTIL

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 2

OBXECTIVOS | b, c, d, e, g, i, n, o, p

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Porcentaxes. • Porcentaxes encadenados. Índice de variación. • Interés simple e composto. • Anualidades de capitalización e amortización. • T.A.E • Números índice. 	B1.6.	MACS1B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.	CMCCT
		MACS1B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación.	CMCCT
		MACS1B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	CCL CMCCT
		MACS1B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas.	CMCCT CD
		MACS1B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.	CCL
		MACS1B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	CMCCT
	B1.9.	MACS1B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MACS1B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular ou formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados, etc.	CMCCT CAA
	B1.13.	MACS1B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	CD
		MACS1B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	CCL
		MACS1B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.	CD CAA

	B2.2.	MACS1B2.2.1. Interpreta e contextualiza correctamente parámetros de aritmética mercantil para resolver problemas do ámbito da matemática financeira (capitalización e amortización simple e composta) mediante os métodos de cálculo ou recursos tecnolóxicos apropiados.	CMCCT
D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN		TEMPORALIZACIÓN
MACS1B1.6.1.	Consulta o libro de texto, material bibliográfico da biblioteca, recursos na rede, prensa, publicidade,... para atopar respostas sobre os distintos tipos de interese bancario.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Outubro: semanas 2,3,4 <ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario. • Evaluación de contidos e competencias: probas escritas correspondentes á unidade.
MACS1B1.6.2.	Emprega correctamente a notación con porcentaxes e números índice. Escribe con corrección as fórmulas para o cálculo dos intereses.		
MACS1B1.6.3.	Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes		
MACS1B1.6.4.	Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación.		
MACS1B1.6.5.	Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación: non titubea, fala con claridade, pon exemplos,...		
MACS1B1.6.6.	Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.		
MACS1B1.9.2.	Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.		
MACS1B1.9.3.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular ou formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados, etc.		
MACS1B1.13.1.	Elabora documentos dixitais propios de texto ou presentación como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.		
MACS1B1.13.2.	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.		
MACS1B1.13.3.	Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.		
MACS1B2.2.1.	Interpreta e contextualiza correctamente parámetros de aritmética mercantil para resolver problemas do ámbito da matemática financeira (capitalización e amortización simple e composta) mediante os métodos de cálculo ou recursos tecnolóxicos apropiados.		

UNIDADE DIDÁCTICA 3: ECUACIONES, INECUACIONES E SISTEMAS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 2

OBXECTIVOS | a,b,d,e,f, i, l,m

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Polinomios: raíces e factorización. • Ecuaciones de segundo grao, bicuadradas, con raíces cadradas, con x no denominador, exponenciais e logarítmicas. • Inecuaciones de primeiro e segundo grao. • Sistemas de ecuaciones lineais de dúas e tres incógnitas. Resolución e clasificación. • Método de Gauss. • Sistemas de ecuaciones no lineais. • Resolución de problemas (con ecuaciones, sistemas e inecuaciones) 	B1.1.	MACS1B1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
	B1.2.	MACS1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado a resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	CMCCT
		MACS1B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.	CMCCT
		MACS1B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.	CMCCT CAA
	B1.5.	MACS1B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.).	CMCCT CSC CCEC
	B1.9.	MACS1B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).	CMCCT CSC CSIEE
	B1.10.	MACS1B1.10.1. Toma decisións nos procesos (de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización), valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE
	B2.3.	MACS1B2.3.1. Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas en contextos reais.	CMCCT
		MACS1B2.3.2. Resolve problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de ecuacións.	CMCCT
MACS1B2.3.3. Realiza unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos e exponos con claridade.		CMCCT	

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MACS1B1.1.1.	É capaz de expresar verbalmente as variables que elixe para a resolución dun problema. Expresa verbalmente as ecuacións ou inecuacións obtidas para a resolución dun problema. Emprega correctamente na súa expresión os termos maior, menor, desigualdade, igualdade, variable, termo e solución	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Novembro: semanas 1,2,3,4 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario. • Evaluación de contidos e competencias: probas escritas correspondentes á unidade.
MACS1B1.2.1.	Comprende os enunciados e é capaz de resumir o principal e traducilo á linguaxe matemática		
MACS1B1.2.2.	Reflexiona antes de resolver un problema sobre cantas e de que tipo serán as solucións.		
MACS1B1.2.3.	Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.		
MACS1B1.5.2.	Procura conexións entre as ciencias sociais e as matemáticas		
MACS1B1.9.1.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).		
MACS1B1.10.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.		
MACS1B2.3.1.	Traduce á linguaxe alxébrica as situacións presentadas en problemas que recollen situacións da vida cotiá.		
MACS1B2.3.2.	Resolve problemas con sistemas de dúas ecuacións con dúas incógnitas lineais ou non lineais polos métodos de redución, igualación e substitución. Resolve problemas con sistemas de tres ecuacións con tres incógnitas polo método de Gauss. Resolve problemas con inecuacións de primeiro e segundo grao e representa as solucións obtidas.		
MACS1B2.3.3.	Interpreta e expón con claridade os resultados obtidos na resolución dun problema nos que empregou ecuacións, sistemas ou inecuacións.		

UNIDADE DIDÁCTICA 4: FUNCIÓNS ELEMENTAIS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 3

OBXECTIVOS | b, g, i, l, m

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Funcións reais de variable real. • Dominio e recorrido. • Funcións lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, con radicais, exponenciais e logarítmicas. • Interpolación e extrapolación. • Composición de funcións. • Función inversa. • Funcións definidas a trozos. • Resolución de problemas. 	B1.1.	MACS1B1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
	B1.7.	MACS1B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC
		MACS1B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT
		MACS1B1.7.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT
		MACS1B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT
	B1.10.	MACS1B1.10.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE
	B3.1.	MACS1B3.1.1. Analiza funcións expresadas en forma alxébrica, por medio de táboas ou graficamente, e relaciónaas con fenómenos cotiáns, económicos, sociais e científicos, extraendo e replicando modelos.	CMCCT
		MACS1B3.1.2. Selecciona adecuadamente e razoadamente eixes, unidades e escalas, recoñecendo e identificando os erros de interpretación derivados dunha mala elección, para realizar representacións gráficas de funcións.	CMCCT
		MACS1B3.1.3. Estuda e interpreta graficamente as características dunha función, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados.	CMCCT
	B3.2.	MACS1B3.2.1. Obtén valores descoñecidos mediante interpolación ou extrapolación a partir de táboas ou datos, e interprétaos nun contexto.	CMCCT

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MACS1B1.1.1.	Expresa verbalmente o proceso na resolución dun problema empregando correctamente os termos de continuidade, dominio e composición de funcións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Decembro: semanas 1,2 e 3 ▪ Xaneiro: semana 2 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario. • Evaluación de contidos e competencias: probas escritas correspondentes á unidade.
MACS1B1.7.1.	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.		
MACS1B1.7.2.	Establece conexións entre problemas do mundo real e funcións lineais, cuadráticas e exponenciais.		
MACS1B1.7.3.	Constrúe modelos matemáticos empregando as funcións lineais, cuadráticas ou exponenciais e empregando as súas propiedades.		
MACS1B1.7.4.	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade respondendo cun enunciado para dar a solución.		
MACS1B1.11.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.		
MACS1B3.1.1.	Recoñece gráfica e analiticamente as funcións lineais, cuadráticas, radicais, de proporcionalidade inversa, exponenciais, logarítmicas. Relaciona as funcións elementais con fenómenos cotiás, económicos sociais e científicos (problemas de lanzamentos de obxectos, de crecementos exponenciais de poboacións, de intereses bancarios, de proporcionalidade directa ou inversa...) Realiza operacións elementais con funcións incluíndo a composición de funcións e o cálculo da inversa.		
MACS1B3.1.2.	Selecciona adecuadamente eixos, unidades, dominio e escalas nas súas representacións gráficas. Identifica erros ou interpretacións erróneas en representacións por unha mala elección de eixos, unidades ou escalas		
MACS1B3.1.3.	Interpreta as propiedades globais e locais das funcións, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados.		
MACS1B3.2.1.	Obtén valores descoñecidos mediante interpolación ou extrapolación lineal ou cuadrática a partir de táboas ou datos, e interprétaos nun contexto.		

UNIDADE DIDÁCTICA 5: LÍMITES E CONTINUIDADE DE FUNCIÓNS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 3

OBXECTIVOS | a, b, c, d, e, f, g, i, l, m

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Límite dunha función en un punto. Límites laterais. • Límite en infinito. • Indeterminacións. • Continuidade nun punto. • Tipos de discontinuidade. • Resolución de problemas. • Asíntotas. 	B1.1.	MACS1B1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
	B1.7.	MACS1B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC
		MACS1B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT
	B1.9.	MACS1B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).	CMCCT CSC CSIEE
	B1.11.	MACS1B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprendendo diso para situacións futuras.	CMCCT CAA
	B1.12.	MACS1B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD
		MACS1B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT
	B3.3.	MACS1B3.3.1. Calcula límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito para estimar as tendencias dunha función.	CMCCT
		MACS1B3.3.2. Calcula, representa e interpreta as asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais.	CMCCT
	B3.4.	MACS1B3.4.1. Examina, analiza e determina a continuidade da función nun punto para extraer conclusións en situacións reais.	CMCCT

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MACS1B1.1.1.	Expresa verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema incluíndo os conceptos de tendencia, periodicidade, discontinuidade e indeterminación	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xaneiro: semanas 3,4 ▪ Febreiro:semanas 1,2 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario. • Evaluación de contidos e competencias: probas escritas correspondentes á unidade.
MACS1B1.7.1.	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.		
MACS1B1.7.4.	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.		
MACS1B1.9.1.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.) na resolución dos distintos tipos de límites.		
MACS1B1.11.1.	Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos no cálculo de límites nun punto e no infinito, distinguindo claramente entre os dous. Reflexiona sobre os métodos empregados e relaciona o concepto de límite nun punto coa continuidade dunha función.		
MACS1B1.12.1.	Emprega a calculadora para facer cálculos numéricos e comprobacións nos resultados dos límites.		
MACS1B1.12.2.	Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.		
MACS1B3.3.1.	Comprende o concepto de límite e límites laterais. Calcula os distintos tipos de límites de funcións polinómicas, racionais e exponenciais, empregando á linguaxe matemática axeitada. Resolve as indeterminacións $\frac{\infty}{\infty}$, $\frac{0}{0}$, e $\infty - \infty$ Aplica o límite en infinito para calcular a tendencia dunha función.		
MACS1B3.3.2.	Representa asíntotas horizontais e oblicuas a partir dos resultados obtidos no cálculo de límites no infinito. Representa as asíntotas verticais dunha función co estudo dos límites laterais no punto de discontinuidade. Interpreta os resultados das asíntotas en problemas das ciencias sociais		
MACS1B3.4.1.	Estuda a continuidade das funcións elementais. Estuda a continuidade de funcións definidas a anacos. Interpreta nos problemas o significado da continuidade e os distintos tipos de discontinuidade.		

UNIDADE DIDÁCTICA 6: DERIVADAS. APLICACIÓNS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO 1, 3

OBXECTIVOS a, b, c, d, e, f, g, i, l, m

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Taxa de variación media. • Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica. • Función derivada • Regras de derivación. Regra da cadea. • Aplicacións da derivada: <ul style="list-style-type: none"> • Recta tanxente • Crecemento • Máximos e mínimos • Representación de funcións polinómicas e racionais. • Problemas de optimización. 	B1.1.	MACS1B1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
	B1.2.	MACS1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado a resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	CMCCT
		MACS1B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.	CMCCT CAA
	B1.7.	MACS1B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC
		MACS1B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT
		MACS1B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT
	B1.12.	MACS1B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD
		MACS1B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT
	B3.5.	MACS1B3.5.1. Calcula a taxa de variación media nun intervalo e a taxa de variación instantánea, interprétaa xeometricamente e emprégaa para resolver problemas e situacións extraídas da vida real.	CMCCT
		MACS1B3.5.2. Aplica as regras de derivación para calcular a función derivada dunha función e obter a recta tanxente a unha función nun punto dado.	CMCCT

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MACS1B1.1.1.	Expresa verbalmente o proceso seguido na resolución dun problema empregando os termos de optimización, máximo e mínimo relativo e absoluto.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Febreiro:semanas 3 e 4 ▪ Marzo:semanas 1, 2 e 3 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario. • Evaluación de contidos e competencias: probas escritas correspondentes á unidade.
MACS1B1.2.1.	Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios)		
MACS1B1.2.3.	Reflexiona sobre o proceso de resolución dos problemas de optimización comprendendo os pasos que deben darse.		
MACS1B1.7.1.	Identifica problemas de optimización da realidade. Identifica problemas de tanxencia da realidade.		
MACS1B1.7.2.	Establece conexións entre o problema do mundo real e o matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.		
MACS1B1.7.4.	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.		
MACS1B1.12.1.	Emprega a ferramenta tecnolóxica axeitada para facer cálculos con derivadas.		
MACS1B1.12.2.	Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.		
MACS1B3.5.1.	Calcula a T.V.M. dunha función sinxela e interpreta graficamente o seu significado. Emprega a derivada dunha función na resolución de problemas de optimización.		
MACS1B3.5.2.	Calcula as derivadas das funcións elementais. Calcula a derivada da suma ou resta de funcións. Calcula a derivada do produto ou cociente de funcións Calcula a derivada da composición de funcións: regra da cadea. Calcula a derivada de funcións nas que hai que aplicar varias regras de derivación. Calcula e representa a recta tanxente de unha función nun punto.		

UNIDADE DIDÁCTICA 7: ESTATÍSTICA BIDIMENSIONAL

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 4

OBXECTIVOS | b, d, h, i, l, m, n

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Variable estatística bidimensional. • Táboas estatísticas. Distribucións marxinais. • Gráficos estatísticos: nubes de puntos. • Coeficiente de correlación. • Recta de regresión. • Estimación de resultados. 	B1.4.	MACS1B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática: problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.	CMCCT
		MACS1B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	CMCCT CSIEE
	B4.1.	MA1CSB4.1.1. Elabora táboas bidimensionais de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables numéricas (discretas e continuas) e categóricas.	CMCCT
Realizaranse tres avaliacións parciais. Durante cada trimestre o profesor realizará dúas probas escritas que se basearán nos criterios de avaliación das unidades avaliadas, tendo como finalidade a consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos relativos a elas. Se nalgunha proba escrita se acumulase materia de probas anteriores, poderá establecerse máis peso para dita proba; este peso estará indicado na proba.

A incomparecencia non xustificada a un exame é motivo de suspenso no trimestre. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo xustifico, o profesor ou profesora poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ata ese momento.

A obtención da cualificación dunha avaliación parcial realizarase da maneira seguinte:

A cualificación numérica obtida da media (ponderada de ser o caso) das probas escritas.

Recuperacións.

Realizarase unha proba escrita de recuperación de cada unha das avaliacións para aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación parcial; a cualificación da proba escrita de recuperación redondearase segundo se indicou nos criterios xerais. No caso dunha recuperación positiva (nota igual ou superior a 5) esta cualificación substituirá á da avaliación parcial correspondente ós efectos do cálculo da cualificación da avaliación ordinaria.

Avaliación final ordinaria (xuño)

- ✓ Ó final de curso realizarase un exame final ao que se presentarán aqueles alumnos con nota inferior a 5 nalgunha das avaliacións parciais e na correspondente recuperación. Os alumnos que só teñan que recuperar unha avaliación farán o exame final desa avaliación. Os alumnos que teñan que recuperar dúas ou tres avaliacións farán un exame final coa materia de todo o curso. En caso de superar unha avaliación parcial previamente non superada, a nota previa será substituída pola nova cualificación.
- ✓ Se despois das tres avaliacións parciais, recuperacións e exame final de xuño, un alumno ou alumna ten superadas tódalas avaliacións parciais (cualificación igual ou maior que 5 en cada unha delas), a cualificación final de xuño será a media das tres cualificacións parciais, redondeada sen decimais.
- ✓ En caso de que o alumno ou alumna non superase algunha das tres avaliacións parciais (nota inferior a 5 nalgunha delas), a cualificación na avaliación ordinaria será sempre inferior a 5.

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

No caso de non acadar unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño, o alumno ou alumna deberá facer unha proba extraordinaria en setembro, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada.

Esta proba escrita constará de exercicios e problemas que recollerán os aspectos máis importantes da materia e estarán baseados sempre nos estándares de aprendizaxe mínimos que se recollen nesta programación.

Para acadar unha avaliación positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, que deberá ser igual ou superior a 5. A nota redondearase a un número enteiro.

Sistema de redondeo dunha cualificación (de avaliación parcial, ordinaria ou extraordinaria, de recuperación e de pendentos): Unha vez que se teña unha nota final, en tódolos casos redondearase da seguinte maneira: nota menor ou igual que $x,5$ redondearase a x ; nota maior que $x,5$ redondease a $x+1$.

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Á hora de suscitar as medidas de atención á diversidade habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima do aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión do aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciales.
- Os desempeños competenciales prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

En canto as necesidades individuais, a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento sobre o grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Adoptar as medidas organizativas pertinentes. (Planificación de que alumnado irá ao grupo de reforzo educativo e o alumnado que precisará una adaptación curricular ou apoio educativo por parte da PT ou AL)
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un destes alumnos.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a evaluar os progresos destes estudantes.
- Facer un seguimento eshaustivo destes alumnos e compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Neste curso non hai alumnado que teña que recuperar a materia pendente.

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente, englobaremos os aspectos a avaliar en torno a tres bloques: **actividades na aula, diversidade e avaliación.**

De cada bloque, seleccionamos os indicadores de logro que mostraremos a continuación. Cada docente contestará a estas preguntas para posteriormente, facer unha reflexión e autocrítica sobre a súa actuación, converténdose así nunha ferramenta de mellora continua no proceso do ensino. A este respecto, non debe facerse unicamente ao final do curso senón que para a avaliación sexa o máis proveitosa posible debe facerse ao remate de cada unidade ou cada avaliación para identificar as nosas fortalezas e as áreas de mellora que permitan introducir cambios na programación para adaptala mellor ás necesidades do alumnado.

Ademais de cuestionarios para o profesorado, non debemos esquecer aos outros protagonistas deste proceso, os alumnos e alumnas do noso grupo. Deste xeito, entrevistaremos e pasaremos cuestionarios ao alumnado para coñecer a súa percepción do proceso de ensino e coñecer se estamos transmitindo ben o que temos programado.

Por último, debemos reflexionar en común co resto do departamento contrastando as nosas experiencias coas dos compañeiros e sacar conclusións comúns sobre as fortalezas e os aspectos de mellora do departamento.

Actividades en el aula

- Agrupo a los alumnos/as de diferentes formas: de manera individual, por parejas, en grupos reducidos, en grupos numerosos, etc.
- Propongo actividades para fomentar el estudio autónomo (búsqueda de información complementaria, realización de trabajos, investigaciones, etc.).
- Las actividades o acciones que programo son: *diversas, amplias, de largo recorrido, que incitan a pensar*
- En mis clases el alumno es el protagonista.
 - *El alumno o la alumna tiene la oportunidad de expresar su propia opinión.*
 - *Le doy la oportunidad de contrastar con el resto su parecer.*
 - *Le doy opción a proponer cosas nuevas.*
- Utilizo diferentes tipos de materiales: nuevas tecnologías, manipulativos, audiovisuales, etc.
- Cada actividad que propongo tiene su objetivo muy bien definido.
- A la hora de proponer los ejercicios tengo en cuenta las "dinámicas cooperativas".
- ¿Doy prioridad a completar el programa?
- Valoro el trabajo de todos delante del resto.
- Organización del tiempo transcurrido en clase: cuánto para los alumnos, cuánto para el profesor.
- Promuevo el uso de TÉCNICAS BÁSICAS DE ESTUDIO en las actividades.
- Ejercicios creativos y comunicativos (recabar información, interpretar, tomar decisiones, crear, razonar, compartir con el resto, etc.).
- Porcentaje de tiempo de clase en el que acaparo la palabra.
- ¿Aplico nuevas metodologías?
 - *Propongo actividades para fomentar el estudio autónomo (búsqueda de información complementaria, realización de trabajos, investigaciones, etc.).*
 - *Les hago trabajar la expresión oral.*

Diversidad

- Según las características de cada alumno y alumna, exijo diferentes resultados.
- Por norma, doy explicaciones generales.
- Ofrezco a cada uno de forma individual la explicación que precisa.
- Tengo en cuenta la diversidad a la hora de hacer la programación.
- Tanto en las actividades como en los exámenes, realizamos unos ejercicios más sencillos o más complicados que otros.
- Utilizo diferentes herramientas de evaluación.
- ¿Tenemos en cuenta la diversidad a la hora de organizar la clase, dividir a los alumnos y alumnas en grupos, etc.?
- ¿Los temas que tratamos tienen interés para los alumnos/as?
- ¿Qué hago para conocer las características de la clase?
 - Una prueba al comienzo del curso escolar.*
 - Leer los informes de años anteriores.*
 - Al final de la evaluación me percato de las características del grupo en cuanto a diversidad se refiere.*
 - Es el o la jefe de estudios quien me aporta toda la información que necesito.*
 - Es en la reunión de grupo donde obtengo la mayor parte de la información.*
- ¿Dónde debemos atender a los alumnos y alumnas que no llegan al "nivel"?

Evaluación

- Al comienzo de cada unidad, los alumnos y alumnas tienen claro: cuáles son los objetivos didácticos, qué competencias vamos a desarrollar, qué actividades vamos a hacer, cómo vamos a evaluar, etc.
- Utilizo diferentes tipos de pruebas
- En la evaluación del alumno/a ¿Le comunico qué debe mejorar y le propongo ejercicios de recuperación?
- ¿Qué tengo en cuenta a la hora de establecer el resultado?
 - La nota final.
 - El avance, teniendo en cuenta las condiciones de las que parte.
 - Evaluación de la intervención del profesorado.
- Los exámenes son las principales pruebas para la calificación.
- ¿Cómo se hacen las correcciones o el seguimiento del proceso?
 - *El profesor/a a todo el grupo; el profesor/a a cada alumno/a; los alumnos/as entre ellos/as; entre profesores/as y alumnos/as.*
- ¿Qué tipo de prueba es el que más utilizo?
 - *Exámenes escritos; trabajo individual; trabajo en grupo; exposiciones orales.*
- Una vez terminada la unidad o el proyecto didáctico, evalúo la idoneidad de los recursos y de las actividades empleadas en el proceso de aprendizaje.
- Utilizo las siguientes pruebas de evaluación:
 - *Examen; examen oral; test; ejercicios; trabajos; exposiciones en público.*
- He acordado sistemas de recuperación con otros departamentos.
- Mi sistema de evaluación coincide con los de otros departamentos de la misma sección.

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didácticas.

Esta reflexión debe facerse de xeito individual pero tamén deberá poñerse en común co resto do departamento, nas sesións da reunión de departamento mensuais.

Para iso, empregaremos:

- Cuestionario individual para cada profesor do departamento:

- Los profesores y profesoras que impartimos clase en el mismo nivel tenemos una distribución coherente de contenidos en nuestras programaciones.
- Consulto la programación a lo largo del curso escolar
- Análisis y marco dentro de la programación las competencias básicas y fundamentales de la asignatura.
- Las herramientas de evaluación que utilizo para medir las competencias en la programación son claras.
- A la hora de realizar la programación tengo en cuenta las posibilidades que me da el entorno.
- Doy a conocer las programaciones a los alumnos y alumnas: objetivos, criterios de evaluación, metodología, etc.
- Introduzco en la programación desarrollada durante el curso escolar temas o proyectos propuestos por los alumnos/as.
- Hago las programaciones pensando en trabajar las competencias.
- Tenemos una única programación por curso, o tengo más según la necesidad.
- ¿Tengo en cuenta el libro de texto a la hora de hacer la programación?
- ¿Coincide la programación con lo que luego hago en clase?
- Comparo la asignatura con otras del mismo área para enriquecerla y reforzarla.
- En caso de que venga un o una suplente, este o esta encontrará suficiente información en mi programación (objetivos, competencias, recursos, temporalización, criterios de evaluación, secuencia, actividades complementarias, programa para trabajar la diversidad).

- O modelo que pasa xefatura de estudos en cada avaliación para analizar os resultados obtidos (posibles causas e propostas de mellora)
- Unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller melloras no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos			
Contidos das unidades			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			

Recursos empregados			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

O Departamento de Matemáticas participará nas seguintes actividades

- ✓ **“Día Mundial das Matemáticas”**, actividade pensada para todos os/as alumnos/as . O día 3 de marzo é o Día Mundial das Matemáticas, polo que durante esa semana porase no antigo salón de actos unha exposición de xogos de enxeño e iranse levando por quendas aos rapaces para que os resolva n. Non cabe dúbida de que a competencia é un das mellores estratexias para estimular o desenvolvemento da operatividade en matemáticas e que mellor que facéndoo a través de xogos.
- ✓ Realizaranse visitas a exposicións matemáticas, con data por determinar.

Polo demais non hai ningunha outra actividade prevista inicialmente. Porén, isto non impide que calquera dos membros do Departamento poda decidir no transcurso do curso participar nalgunha actividade que considere de interese para o alumnado, estando suxeita a autorización necesaria para a súa realización.

ADULTOS MÓDULO III/IV

MATERIA	ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO
PROFESORA	MARÍA OLGA GARCÍA MARTÍNEZ

A. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

B. OBXECTIVOS

B1. OBXECTIVOS DA ESO

B2. OBXECTIVOS DA MATERIA DE MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS DE 3º ESO

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

G. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

H. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

H1. AVALIACIÓN INICIAL

H2. AVALIACIÓN CONTINUA

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

A. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO

Os contidos do ámbito están estruturados de acordo a intereses e necesidades do saber científico e tecnolóxico, fundamentais para as persoas adultas. Integran transversalmente as competencias inherentes ao traballo científico, incidindo no proceso de experimentación como base para a resolución de calquera tipo de problema e na presentación e debida argumentación dos resultados obtidos. Están combinados de modo que se potencia a integración e interconexión de diversas disciplinas, ofrecendo ao alumnado unha visión global da descrición e interpretación científica do mundo.

Os contidos foron seleccionados de modo que o alumnado conte cos instrumentos indispensables para interpretar a realidade e expresar os fenómenos naturais, científicos e técnicos dun mundo cada vez máis complexo. Comprenden métodos xerais que poidan aplicarse en contextos diversos e desenvolvan a capacidade de simplificar e abstraer para analizar este mundo en continua e rápida transformación. Proporcionan instrumentos necesarios para converter os feitos observables en coñecemento, información e mensaxes na comunicación.

A metodoloxía didáctica terá como finalidade a ampliación das competencias clave en relación cos contidos deste ámbito científico-tecnolóxico e fundamentarase na aplicación do método científico que leva a capacitación para cuestionar, identificar problemas, formular hipóteses, planificar e realizar accións, recoller e organizar información relevante, sistematizar coñecemento, analizar resultados, tirar conclusións e comunicalas correctamente.

Tratarase de involucrar o alumnado nunha aprendizaxe baseada no desenvolvemento de proxectos de investigación relacionados con situacións reais, concretas e significativas que permiten a comprensión e análise crítica de problemas que afectan á sociedade actual na vertente natural e ambiental, valorando o desenvolvemento sustentable do planeta. Potenciar a habilidade de formular, expor, interpretar e resolver problemas é fundamental xa que permite ás persoas desenvolveren os procesos cognitivos necesarios para abordaren e resolveren situacións interdisciplinares reais.

O proceso da resolución de problemas deberá potenciar a habilidade para entender diferentes formulacións e implementar plans prácticos, revisar os procedementos de procura de solucións e expor as aplicacións dese coñecemento e desas habilidades a diversas situacións da vida real, así como fomentar a autonomía para establecer hipóteses e contrastalas, e para deseñar diferentes estratexias de resolución ou extrapolar os resultados obtidos a situacións análogas.

A elaboración de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección terá como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma, profundar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas. Unha parte fundamental destes proxectos será a exposición e defensa oral das conclusións. Estes traballos realizaranse individualmente e en equipo, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

Os procedementos de ensino e aprendizaxe irán encamiñados a sistematizar o coñecemento sobre o mundo natural a través da construción de conceptos e das relacións entre eles, a buscar modelos explicativos que permitan comprender mellor a natureza e, en definitiva, á construción de saber científico extensible a outros ámbitos de coñecemento.

O uso das tecnoloxías da información e da comunicación terá gran importancia neste proceso, tanto na procura, selección e comunicación da información, como na comprensión mediante a simulación de procesos. A utilización das aplicacións virtuais interactivas deberán xogar un papel crucial, porque proporcionan alternativas aos laboratorios tradicionais e constitúen a única forma de estudar, de maneira experimental, algúns procesos de difícil execución práctica.

As tecnoloxías da información e a comunicación han de ser unha ferramenta fundamental para sustentar as investigacións, fundamentar os traballos e profundar na terminoloxía científica. Terán un papel esencial para a mellor comprensión de conceptos, na resolución de problemas complexos e para contrastar con maior rigor as hipóteses propostas e presentar e comunicar os resultados obtidos.

O profesorado deberá guiar o alumnado, non só na adquisición de coñecementos, senón tamén no desenvolvemento das habilidades e destrezas propias do quefacer científico; deberá fomentar a creatividade e a curiosidade co obxectivo de favorecer actitudes positivas cara á ciencia e o traballo científico. Procurará contornos motivadores nas que o alumnado, partindo das súas ideas previas e confrontando coa experimentación, aprenda facendo, tire as súas propias conclusións e chegue en por si a unha concepción científica do mundo que o rodea, podendo achegar unha explicación formal e fundamentada do estudado.

Os estándares de aprendizaxe propoñen comprender, interpretar textos e comunicar, mediante unha linguaxe multimodal en diferentes sistemas de representación, o coñecemento académico e científico procesado e elaborado, destacando aspectos básicos da comunicación, a

exposición e o diálogo. Especifican accións clave do proceso de experimentación, tales como observar, analizar, diferenciar, estruturar, coñecer, describir, sintetizar, investigar, relacionar, asociar, cuestionar, explicar, interpretar, deducir, demostrar, etc. Inclúen o uso responsable e eficaz das novas tecnoloxías para buscar e xestionar información, empregar técnicas de estudo e traballo, resolver problemas e aplicar o coñecemento. O seu logro implica a mellora do benestar individual do alumnado e achegas importantes ao ben común, porque leva a actuación responsable, o xuízo crítico baseado en valores positivos e o desenvolvemento moral.

Os criterios de avaliación están formulados de maneira que permitan valorar o grao de consecución de cada unha das competencias en relación aos contidos do ámbito científico-tecnolóxico. Teñen o propósito de guiar a análise das posibilidades que ten cada alumno e alumna para coñecer, comprender e relacionarse dun modo positivo, para si mesmo e para os demais, co mundo físico. Isto implica: actuar con autonomía e responsabilidade; comprender, interpretar e describir o mundo e valoralo como fonte de inspiración; ser consciente do impacto da evolución científica e tecnolóxica na cultura; asociar fenómenos coas súas causas e consecuencias; utilizar os recursos humanos e materiais máis habituais para buscar información e resolver problemas; tomar conciencia e comprender os valores implícitos no benestar individual e colectivo, comprometerse e participar nas contornas próximas e afastadas de acordo con devanditos valores

B. OBXECTIVOS

O ámbito científico-tecnolóxico ten como finalidade que o alumnado se capacite para ofrecer unha explicación lóxica do mundo físico e adquiera unha cultura científica básica que constitúa a base para a adquisición de novos coñecementos desde unha visión global e integradora da realidade. O logro deste fin implica a adquisición de competencias para formalizar e sistematizar a construción de conceptos dun modo interrelacionado, desenvolver procedementos característicos das disciplinas que comprenden as ciencias naturais e construír un sistema de valores propios, socialmente recoñecibles, conducentes á reflexión e á análise sobre as implicacións éticas da intervención do ser humano na natureza e dos grandes avances científicos da actualidade. O consecuente proceso de alfabetización científica contribuirá á comprensión de fenómenos naturais, de problemas que atopan solucións no desenvolvemento científico e tecnolóxico e de actitudes responsables dirixidas a sentar as bases dun desenvolvemento sustentable.

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As achegas deste ámbito científico-tecnolóxico á adquisición das competencias clave da educación para persoas adultas son:

– **Comunicación lingüística (CCL)**

A aprendizaxe deste ámbito científico-tecnolóxico require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, agora aplicados ao contexto científico, tendo sempre presente, ademais, que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

Tanto a interpretación de sucesos, feitos e acontecementos como a experimentación no ámbito das ciencias naturais e da tecnoloxía implican a comprensión e a utilización do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e a probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade.

Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada, para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como son a conservación de recursos naturais e outras cuestións ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento rigoroso, dun modo sistemático, como é intrínseco ao método científico, así como para desenvolver proxectos tecnolóxicos ben planificados.

- **Competencia dixital (CD)**

O estudo das ciencias naturais e a aplicación de procedementos característicos do desenvolvemento tecnolóxico e da investigación científica demandan o uso habitual das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Precisan incrementar as habilidades de procura, selección e recompilación de información e desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido, co fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento.

Ademais, este ámbito científico-tecnolóxico contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, resolver todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas. Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos das tecnoloxías da información e a comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos.

- **Aprender a aprender (CAA)**

A metodoloxía didáctica deste ámbito científico-tecnolóxico prepara para formarse permanentemente ao longo da vida ao propoñer que o alumnado aprenda a observar e propoñer cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a elaborar respostas aos fenómenos naturais e tecnolóxicos que aparecen na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación e impulsa o desexo continuo de incorporar novos coñecementos.

Desenvolver proxectos persoais específicos das ciencias naturais axuda a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e en grupo. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento, etc.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

O ámbito científico-tecnolóxico afianza a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, comportamentos, hábitos e valores para relacionarse co medio desde o respecto, mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Propón aprendizaxes para a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas, para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Propón estratexias para alcanzar o benestar persoal e colectivo.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Este ámbito científico-tecnolóxico fomenta a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao abordar contidos, estratexias metacognitivas, procedementos e proxectos que dotan ás persoas adultas de recursos para desenvólense adecuadamente e afrontaren de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de moi diversa índole. Consecuentemente, promóvense actitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

Por outra banda, potencia a capacidade de análise, pensamento crítico, resolución de problemas e toma de decisións do individuo ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía. Este ámbito favorece tamén o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, o deseño e a implementación de plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns con autonomía e iniciativa persoal.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar a natureza e o labor humano, tratándoos como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A beleza da natureza foi obxecto de estudo, valoración e recreación ao longo da historia. A intervención humana na natureza e a cultura pónense de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual e, por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística.

Este ámbito científico-tecnolóxico realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e goce das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade

de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

O currículo do ámbito científico tecnolóxico está composto por 8 bloques:

Bloque 1. Números e álgebra

Bloque 2. Xeometría

Bloque 3. Funcións.

Bloque 4. Ciencia e tecnoloxía nas nosas vidas

Bloque 5. Movementos e forzas.

Bloque 6. Enerxía I

Bloque 7. Enerxía II

Bloque 8. Os cambios.

No desenvolvemento das unidades didácticas aparecen codificados os criterios e estándares de avaliación segundo o **Currículo da educación básica inicial e da educación secundaria para persoas adultas**.

As unidades didácticas nas que dividimos o **MÓDULO 3** serán as seguintes:

UNIDADE	TÍTULO
UNIDADE 1	NÚMEROS E ÁLXEBRA
UNIDADE 2	XEOMETRÍA
UNIDADE 3	FUNCIÓNS
UNIDADE 4	CIENCIA E TECNOLOXÍA NAS NOSAS VIDAS
UNIDADE 5	MOVEMENTOS E FORZAS
UNIDADE 6	ENERXÍA I
UNIDADE 7	ENERXÍA II
UNIDADE 8	OS CAMBIOS

As unidades didácticas nas que dividimos o **MÓDULO 4** serán as seguintes:

UNIDADE	TÍTULO
UNIDADE 1	NÚMEROS E ÁLXEBRA
UNIDADE 2	XEOMETRÍA
UNIDADE 3	FUNCIÓNS
UNIDADE 4	ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE
UNIDADE 5	A ORIXE E EVOLUCIÓN DA TERRA E DA VIDA
UNIDADE 6	A CÉLULA, UNIDADE ESTRUCTURAL E FUNCIONAL DOS SERES VIVOS
UNIDADE 7	AS PERSOAS E A SAÚDE. PROMOCIÓN DA SAÚDE
UNIDADE 8	ECOLOXÍA E MEDIO AMBIENTE. XESTIÓN SOSTIBLE DO PLANETA

UNIDADE DIDACTICA 1. NUMEROS E ALXEBRA							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave			
<ul style="list-style-type: none"> • e • l • p 	<p>B1.1. Números racionais. Transformación de fraccións en decimais e viceversa. Números decimais exactos e periódicos.</p> <p>B1.2. Potencias de números racionais con expoñente enteiro.</p> <p>B1.3. Potencias de base 10. Aplicación para a expresión de números moi pequenos. Operacións con números expresados en notación científica.</p> <p>B1.4. Expresións radicais: transformación e operacións. B1.5. Xerarquía de operacións.</p>	<p>B1.1. Utilizar as propiedades dos números racionais, as raíces e outros números radicais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada, para resolver problemas da vida cotiá, e presentar os resultados coa precisión requirida.</p>	<p>B1.1.1. Recoñece distintos tipos de números (naturais, enteiros e racionais), indica o criterio utilizado para a súa distinción e utilízalos para representar e interpretar adecuadamente información cuantitativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT 			
			<p>B1.1.2. Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica neste caso o grupo de decimais que se repiten ou forman período.</p>				
			<p>B1.1.3. Acha a fracción xeratriz correspondente a un decimal exacto ou periódico.</p>				
						<p>B1.1.4. Expresa números moi grandes e moi pequenos en notación científica, opera con eles, con e sen calculadora, e utilízalos en problemas contextualizados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD
						<p>B1.1.5. Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
						<p>B1.1.6. Emprega números racionais para resolver problemas da vida cotiá e analiza a coherencia da solución.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL

			B1.1.7. Realiza operacións numéricas sinxelas que conteñan raíces, e opera con elas simplificando os resultados.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • e • i 	B1.6. Expresións alxébricas. Operacións: suma, resta, multiplicación e división de polinomios. Potencia dun polinomio. Igualdade s notables.	B1.2. Utilizar a linguaxe alxébrica para expresar unha propiedade ou relación dada mediante un enunciado, extraendo a información relevante e transformándoa.	B1.2.1. Suma, resta e multiplica polinomios, expresa o resultado en forma de polinomio ordenado e aplícao a exemplos da vida cotiá. B1.2.2. Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplícaa nun contexto adecuado.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • h • i • j • k • l • p 	B1.7. Ecuacións de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. B1.8. Sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas. Métodos alxébricos e gráficos deresolución. B1.9. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas. Uso de calculadoras gráficas.	B1.3. Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, aplicando técnicas de manipulación alxébricas, gráficas ou recursos tecnolóxicos, e valorar e contrastar os resultados obtidos.	B1.3.1. Resolve ecuacións de segundo grao completas e incompletas mediante procedementos alxébricos e gráficos. B1.3.2. Resolve sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas mediante procedementos alxébricos ou gráficos B1.3.3. Formula alxebricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CMCCT • CCL • CMCCT • CSIEE • CCL

UNIDADE DIDÁCTICA 2: XEOMETRÍA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • h • j • l • p 	<p>2.1. Xeometría do plano: perímetros e áreas de polígonos; lonxitude e área de figuras circulares.</p> <p>2.2. Xeometría do espazo: áreas e volume.</p> <p>2.3. Uso de ferramentas tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas que faciliten a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.</p>	<p>2.1. Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas.</p>	<p>2.1.1. Calcula o perímetro de polígonos, a lonxitude de circunferencias e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas.</p> <p>2.1.2. Calcula áreas e volumes de poliedros regulares e corpos de revolución en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • e • k • f • l • h • p • j 	<p>B2.4. Teorema de Tales. Aplicación á resolución de problemas.</p>	<p>B2.2. Utilizar o teorema de Tales e as fórmulas usuais para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles e para obter medidas de lonxitudes de exemplos tomados da vida real.</p>	<p>B2.2.1. Recoñece triángulos semellantes e, en situacións de semellanza, utiliza o teorema de Tales para o cálculo indirecto de lonxitudes e de superficies en situacións de semellanza: planos, mapas, fotos aéreas, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • e • f 	<p>B2.5. O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas. Latitude e lonxitude dun punto. Uso no gas.</p>	<p>B2.3. Interpretar o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos.</p>	<p>B2.3.1. Sitúa sobre o globo terráqueo o Ecuador, os polos, os meridianos e os paralelos e é capaz de situar un punto sobre o globo terráqueo coñecendo a súa latitude e a súa lonxitude.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD

UNIDADE DIDÁCTICA 3: FUNCIONES				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • h • i • j • l • p 	B3.1. Análise e descrición cualitativa de gráficas que representan fenómenos do ámbito cotián e doutras materias.	B3.1. Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica.	B3.1.1. Interpreta o comportamento dunha función dada graficamente, e asocia enunciado de problemas contextualizados a gráficas.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
	B3.2. Expresións da ecuación da recta.		B3.1.2. Identifica as características máis salientables dunha gráfica, e interprétaos dentro do seu contexto.	• CMCCT
			B3.1.3. Constrúe unha gráfica a partir dun enunciado contextualizado, e describe o fenómeno exposto.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CC
	B3.3. Funcións cuadráticas. Cálculo de elementos característicos e representación gráfica.		B3.1.4. Asocia razoadamente expresións analíticas sinxelas a funcións dadas graficamente.	• CMCCT
	B3.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.	B3.2. Recoñecer situacións de relación funcional que necesitan ser descritas mediante funcións lineais e cuadráticas, calculando os seus parámetros e as súas características.	B3.2.1. Representa graficamente unha función polinómica de grao 1 e 2 e describe as súas características.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
			B3.2.2. Identifica e describe situacións da vida cotiá que poidan ser modelizadas mediante funcións lineais e cuadráticas, estúdaas e represéntaaas utilizando medios tecnolóxicos cando sexa necesario.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL • CD • CSIEE

UNIDADE DIDÁCTICA 4. CIENCIA E TECNOLOXÍA NAS NOSAS VIDAS				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • h • i • j • l • o • p 	B4.1. Fases e tarefas dun estudo estatístico. B4.2. Métodos de selección dunha mostra estatística. Representatividade dunha mostra. B4.3. Gráficas estatísticas: construción e interpretación.	B4.1. Elaborar informacións estatísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas adecuadas á situación analizada, e xustificar se as conclusións son representativas para a poboación estudada.	B4.1.1. Distingue poboación e mostra, e xustifica as diferenzas en problemas contextualizados.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
			B4.1.2. Valora a representatividade dunha mostra a través do procedemento de selección, encasos sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSIEE
			B4.1.3. Elabora táboas de frecuencias, relaciona os tipos de frecuencias e obtén información da táboa elaborada.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
			B4.1.4. Constrúe, coa axuda de ferramentas tecnolóxicas, de ser necesario, gráficos estatísticos adecuados a distintas situacións relacionadas con variables asociadas a problemas sociais, económicos e da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD
			B4.1.5 Planifica o proceso para elaborar un estudo estatístico, de xeito individual ou en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • e • j • k 	B4.4. Parámetros de posición: media, moda,	B4.2. Calcular e interpretar os parámetros de posición e de	B4.2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL • CD

<ul style="list-style-type: none"> • I • p 	<p>mediana. Cálculo, interpretación e propiedades.</p> <p>B4.5. Parámetros de dispersión: rango, percorrido intercuartílico e desviación típica. Cálculo e interpretación. B4.6. Diagrama de caixa e bigotes.</p> <p>B4.7. Interpretación conxunta da media e a desviación típica. B4.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.</p>	<p>dispersión dunha variable estatística para resumir os datos e comparar distribucións estatísticas.</p>	<p>B4.2.2. Calcula os parámetros de dispersión dunha variable estatística (con calculadora e con folla de cálculo) para comparar a representatividade da media e describir os datos.</p>
--	---	---	--

UNIDADE DIDÁCTICA 5: MOVEMENTOS E FORZAS				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h 	B5.1. Movements M.R.U., M.R.U.A., caídas libre.	B5.1. Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos.	B5.1.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as distintas variables nos movementos rectilíneo uniforme (M.R.U.) ,rectilíneo uniformemente acelerado(M.R.U.A.)	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • p • f • i • c 		B5.2. Resolver problemas de movementos rectilíneos, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, expresando o resultado nas unidades do Sistema Internacional.	B5.2.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (M.R.U.), rectilíneo uniformemente acelerado (M.R.U.A.), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresando o resultado en unidades do Sistema Internacional.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
			B5.2.2. Determina tempos e distancias de freado de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.	
		B5.3. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións	B5.3.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD

		virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.	B5.3.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias ben no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo e representa e interpreta os resultados obtidos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSIEE • CD • CCL • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h • f 	B5.2. Forzas: natureza vectorial, efectos, lei de Hooke.	B5.4. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e das deformacións. Representalas vectorialmente.	<p>B5.4.1. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, describindo o material a empregar e o procedemento a seguir para a súa comprobación experimental.</p> <p>B5.4.2. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.</p> <p>B5.4.3. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en distintos casos de movementos rectilíneos e circulares.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
	B5.3. Leis de Newton. Lei da gravitación universal. Forzas no noso contorno (forza gravitatoria, eléctrica e magnética).	B5.5. Utilizar o principio fundamental da Dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.	B5.5.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento tanto nun plano horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT

		B5.6. Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática.	B5.6.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	
			B5.6.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	
		B5.7. Comprender que a caída libre dos corpos e o movement orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.	B5.7.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.	
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h • p □ 	B5.4. Medidas das forzas. Forzas de especial interese no noso contorno (F_r , P , N , T , F_c).	B5.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.	B5.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
			B5.8.2. Deduce a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
			B5.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción endistintas situacións de interacción entre obxectos.	
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h • i 	B5.5. Mecanismos de transmisión e transformación do movemento, simples e complexos	B5.9. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e	B5.9.1. Describe mediante información escrita e gráfica como transforman e transmiten o movemento os distintos mecanismos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL

		montar sistemas mecánicos.	B5.9.2. Calcula a relación de transmisión de distintos elementos mecánicos como poleas e as engrenaxes.	• CMCCT
			B5.9.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	
			B5.9.4. Simula mediante software Específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	
			B5.9.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	
• j • k • l • h • f	B5.6. Concepto de presión. Presión atmosférica. Física da atmosfera.	B5.10. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.	B5.10.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.	• CMCCT • CAA
			B5.10.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie na que se apoia, comparando os resultados e extraendo conclusións.	• CMCCT
		B5.11. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.	B5.11.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.	• CMCCT • CAA
			B5.11.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se mostran no prognóstico do tempo indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nos mesmos.	

			<p>B5.11.3 Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
--	--	--	---	---

UNIDADE DIDÁCTICA 6: ENERXÍA I				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h 	B6.1. Traballo, a súa relación coa enerxía. Formas de intercambio de enerxía: o traballo e a calor.	B6.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.	B6.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou dissiparse, pero non crearse ou destruírse, utilizando exemplos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
		B6.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, identificando as situacións nas que se producen	B6.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do significado científico dos mesmos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
			B6.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.	
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h • p • f 	B6.2. Potencia. Exercicios Numéricos sinxelos relacionados con estes conceptos.	B6.3. Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do Sistema Internacional así como outras de uso común.	B6.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións nas que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, expresando o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou outras de uso común como a caloría, o kWh e o CV.	
□	B6.3. Enerxía: unidades. Enerxía cinética, potencial e mecánica. Principio de conservación.	B6.4. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza	B6.4.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC

		a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación da mesma debida ao rozamento.	B6.4.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h • p • m 	B6.4. Electricidade e circuítos eléctricos. Lei de Ohm.	B6.5 Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas.	B6.5.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	• CMCCT
			B6.5.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm.	<input type="checkbox"/>
			B6.5.3. Distingue entre condutores e illantes recoñecendoos principais materiais usados como tales.	

UNIDADE DIDÁCTICA 7: ENERXÍA II				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • f • j • k • l • h • m 	B7.1. Fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas. Uso racional da enerxía.	B7.1. Identificar e comparar as diferentes fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e medioambientais.	B7.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos medioambientais	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
		B7.2. Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.	B7.2.1. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, argumentando os motivos polo que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.	
		B7.2.2. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial propondo medidas que poden contribuir ao aforro individual ecolectivo.		<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h • g 	B7.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.	B7.3. Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación.	B7.3.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinando a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, representando graficamente ditas transformacións	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
			B7.3.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio	

			térmico.	
			B7.3.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura.	
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h 	<p>B7.3. Enerxía térmica. Diferenza entre calor e temperatura. Escalas de temperatura. Efectos da enerxía térmica.</p>	<p>B7.4. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético- molecular e describir os mecanismos polos que se transfere a enerxía térmica en diferentes situacións cotiás.</p>	B7.4.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular diferenciando entre temperatura, enerxía e calor.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCEC
			B7.4.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas de Celsius e Kelvin.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
			B7.4.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndolos en diferentes situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, xustificando a selección de materiais para edificios.	
			B7.5. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situación cotiás e en experiencias de laboratorio.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
			B7.5.2. Explica a escala Celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT

			B7.5.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiáns e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • g • h • j • k • l • m 	<p>B7.4. Transformacións de enerxía. Aspectos industriais e a xeración de enerxía eléctrica nos distintos tipos de centrais eléctricas e o seu transporte ata as nosas casas.</p>	<p>B7.6. Describir a forma na que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo.</p>	<p>B7.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe da mesma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL • CSC
		<p>B7.7. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as diferentes fontes, comparar o impacto medioambiental das mesmas e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sostible.</p>	<p>B7.7.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto medioambiental.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL • CSC

UNIDADE DIDÁCTICA 8: OS CAMBIOS

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • h • j • k • l 	B8.1. Cantidade de substancia: omol.	B8.1. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.	B8.1.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
	B8.2. Reaccións e ecuacións químicas. Cálculos estequiométricos nas reacciónsquímicas.	B8.2. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supoñendo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuaciónquímica correspondente.	B8.2.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas, moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes. B8.2.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supoñendo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como en disolución.	
	B8.3. Lei de conservación da masa ou lei de Lavoisier.	B8.3. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio ou de simulacións dixitais.	B8.3.1. Recoñece cales son os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa. B8.3.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.	

<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • h • p • f 	B8.4. Cálculos numéricos con disolucións. Concentración molar. Solubilidade.	B8.4. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supoñendo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.	B8.4.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas, moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.		
			B8.4.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supoñendo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como en disolución.		
	B8.5. Traballo no laboratorio. Recoñecemento do material e instrumentos básicos do laboratorio, así como os símbolos máis frecuentes utilizados nas etiquetas de produtos químicos. Normas de seguridade.	B8.5. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do medio ambiente.	B8.5.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.		
			B8.5.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.		
		B8.6 Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	B8.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e selección de información e presentación de conclusións		<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA • CCL • CD • CSIEE
			B8.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.		<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC

<ul style="list-style-type: none"> • h • j • k • l <input type="checkbox"/>	B8.6. Introducción á química orgánica.	B8.7. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos.	B8.7.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.	• CMCT
		B8.8. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante as distintas fórmulas, relacionadas con modelos moleculares físicos ou xerados por computadora e coñecer algunhas aplicacións de especial interese.	B8.8.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.	
			B8.8.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as distintas fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.	
			B8.8.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.	
B8.9. Recoñecer os grupos funcionais presents en moléculas de especial interese.	B8.9.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula dealcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.			
B8.7. Formulación e nomenclatura decompostos binarios e ternarios habituais.	B8.10. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas IUPAC.	B8.10.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.		

MÓDULO 4

UNIDADE DIDÁCTICA 1: NÚMEROS E ÁLXEBA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • i • j • k • p 	<p>B1.1. Números irracionais. Diferenciación de números racionais e irracionais.</p> <p>B1.2. Representación de números na recta real.</p> <p>B1.3. Intervalos. Significado e diferentes formas de expresión.</p> <p>B1.4. Potencias de expoñente enteiro ou fraccionario e radicais sinxelos. Relación entre potencias e radicais.</p> <p>B1.5. Cálculo con porcentaxes. Xuro simple e composto.</p>	<p>B1.1. Coñecer e utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades e aproximacións, para resolver problemas relacionados coa vida diaria e outras materias do ámbito educativo, recollendo, transformando e intercambiando información.</p>	<p>B1.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
			<p>B1.1.2. Realiza os cálculos con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD
			<p>B1.1.3. Compara, ordena, clasifica e representa os tipos de números reais, intervalos e semirectas, sobre a recta numérica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
			<p>B1.1.4. Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados.</p>	
			<p>B1.1.5. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL

<ul style="list-style-type: none"> e 	<p>B1.6. Polinomios: raíces e factorización. Importancia das igualdades notables na factorización.</p> <p>B1.7. Resolucións de ecuacións sinxelas de grao superior a dous.</p> <p>B1.8. Fraccións alxébricas. Simplificación e operacións.</p>	<p>B1.2. Utilizar con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.</p>	<p>B1.2.1. Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica.</p> <p>B1.2.2. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao utilizando a regra de Ruffini, ou outro método máis axeitado.</p> <p>B1.2.3. Realiza operacións con polinomios, igualdades notables e fraccións alxébricassinxelas.</p> <p>B1.2.4. Fai uso da descomposición factorial para a resolución de ecuacións de grao superior a dous.</p> <p>B1.2.5. Realiza operacións coas fraccións alxébricassinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> e j f l p 	<p>B1.9. Resolución de problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.</p>	<p>B1.3. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos ede contextos reais.</p>	<p>B1.3.1. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL CSIEE

UNIDADE DIDÁCTICA 2: XEOMETRÍA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • h • i • j • l • p • l 	<p>B2.1. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos semellantes.</p> <p>B2.2. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos.</p>	<p>B2.1. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuados, e aplicando a unidade de medida máis acorde coa situación descrita.</p>	<p>B2.1.1. Utiliza as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes de triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades correctas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
			<p>B2.1.2. Calcula medidas indirectas de lonxitude, área e volume mediante a aplicación do teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • e • i • p • e • p 	<p>B2.3. Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.</p> <p>B2.4. Medidas de ángulos no sistema sexagesimal e en radiáns. Razóns trigonométricas.</p> <p>B2.5. Relacións entre elas. Relacións métricas nos triángulos.</p>	<p>B2.2. Utilizar aplicacións informáticas de xeometría dinámica, representando corpos xeométricos e comprobando, mediante interacción con ela, propiedades xeométricas.</p>	<p>B2.2.1. Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD
			<p>B2.3.1. Utiliza conceptos e relacións da trigonometría básica para resolver problemas empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso, para realizar os cálculos.</p>	

UNIDADE DIDÁCTICA 3: FUNCIONES				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • c • e • f • h • i • j • k • l • o • p 	<p>B3.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica.</p> <p>B3.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada.</p> <p>B3.3. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.</p>	<p>B3.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, de datos numéricos ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.</p>	<p>B3.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
			<p>B 3.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa, exponencial e logarítmica.</p>	
			<p>B3.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
			<p>B3.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno, a partir da análise da gráfica que o describe ou dunha táboa de valores.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
			<p>B3.1.5. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, exponenciais e logarítmico.</p>	

UNIDADE DIDÁCTICA 4: ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • e • f • h • i • k • l • p 	<p>B4.1. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización (media, moda, mediana, e cuartís) e dispersión (rango, percorrido intercuartilico e desviación típica).</p> <p>B4.2. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.</p> <p>B4.3. Análise crítica de táboas e gráficas estadísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).</p> <p>B4.4. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estadísticos</p>	<p>B4.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).</p>	<p>B4.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas coa estatística.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT
			<p>B4.1.2. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos estadísticos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CCL • CMCCT
			<p>B4.1.3. Calcula e interpreta as medidas de centralización e dispersión utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • h • i • j • k • l 	<p>B4.5. Azar e probabilidade, frecuencia dun suceso aleatorio.</p> <p>B4.6. Cálculo de probabilidades. Regra de Laplace e diagramas de árboresinxelos.</p>	<p>B4.2. Estimar a posibilidade de que aconteza un suceso asociado a un experimento aleatorio sinxelo, calculando a súa probabilidade a partir da súa frecuencia relativa, a regra de Laplace ou os diagramas de árbore, e identificando os elementos asociados ao experimento.</p>	<p>B4.2.1. Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
			<p>B4.2.2. Utiliza o vocabulario axeitado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
			<p>B4.2.3. Asigna probabilidades a sucesos en experimentos aleatorios sinxelos cuxos resultados son equiprobables, mediante a regra de Laplace, enumerando os sucesos elementais, táboas ou árbores</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT

			ou outras estratexias persoais.	
			B4.2.4. Toma a decisión correcta tendo en conta as probabilidades das distintas opcións en situacións de incerteza.	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC • CMCCT

UNIDADE DIDÁCTICA 5: A ORIXE E EVOLUCIÓN DA TERRA E DA VIDA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • a • j • k • l • i 	B5.1. Organización do Universo e do Sistema Solar. Factores que determinan a posición dun planeta no Sistema Solar.	B5.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	B5.1.1. A partir da procura de información en diferentes fontes identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD • CAA
		B5.2. Explicar a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	B5.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar e describe as súas características xerais.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • a • g • j • k • l 	B5.2. Orixe e historia da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia.	B5.3. Recoñecer e contrastar feitos que amosen a Terra como un planetacambiante.	B5.3.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE
		B5.4. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra.	B5.4.1. Recoñece os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra e identifica a importancia dos fósiles guía para datar ditos acontecementos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l 	B5.3. Modelos que explican a estrutura e a composición da Terra: xeoquímico e dinámico.	B5.5. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	B5.5.1. Identifica e compara a partir de esquemas e gráficos, os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • a • g • i 	B5.4. A tectónica de placas e as súas manifestacións.	B5.6. Integrar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.	B5.6.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciase cos fenómenos superficiais.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l 		<p>B5.7. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres</p>	<p>B5.7.1. Investiga e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD
			<p>B5.7.2. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos e fenómenos naturais producidos nos contactos de placas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • a • i • j • k • l • m 	<p>B5.5. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. Probas e teorías da evolución dos seres vivos. A evolución humana. Importancia do xacemento de Atapuerca.</p>	<p>B5.8. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.</p>	<p>B5.8.1. Investiga e distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo, utilizando diferentes fontes de información.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD
		<p>B5.9. Describir a hominización e interpretar a importancia do xacemento de Atapuerca no coñecemento da evolución humano.</p>	<p>B5.9.1. Recoñece e describe as fases da hominización e identifica a importancia do xacemento de Atapuerca.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC

UNIDADE DIDÁCTICA 6: A CÉLULA, UNIDADE ESTUTURAL E FUNCIONAL DOS SERES VIVOS				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • l • j • k 	B6.1. Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte. Niveis de organización da material viva.	B6.1. Describir os elementos e compostos que forman parte dos seres vivos. E os niveis de organización da materia.	B6.1.1. Compara a abundancia relativa dos elementos do universo, na atmosfera e nos seres vivos e enumera os tipos de moléculas que forman os seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • a • e • f • g • i • j • k • l 	B6.2. Características básicas da célula. Tipos de células: procariota e eucariota (animal e vexetal). Principais estruturas celulares e as súas funcións.	B6.2. Recoñecer que tódolos seres vivos están formados por células, caracterizadas por realizar funcións vitais: nutrición (autótrofa e heterótrofa); relación e reprodución.	<p>B6.2.1. Identifica e compara a partir de esquemas e debuxos a célula procariota e a eucariota e dentro de esta última, una célula animal de unha vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.</p> <p>B6.2.2. Analiza a importancia que ten cada unha das funcións vitais (nutrición, relación e reprodución). no mantemento da vida.</p> <p>B6.2.3. Compara a n. autótrofa e heterótrofa sinalando a relación existente entre ambas dúas e a importancia da nutrición autótrofa para o conxunto dos seres vivos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • g • j • k • l 	B6.3 O ciclo celular. Estudo e organización do núcleo celular segundo as fases do ciclo celular: estrutura da cromatina e cromosomas.	B6.3 Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular.	B6.3.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular, diferenciando a estrutura dun cromosoma e da cromatina.	
	B6.4. Importancia e significado biolóxico da división celular: mitose e meiose.	B6.4. Formular e identificar os tipos de división celular: mitose e na meiose, e revisar o seu significado e importancia	B6.4.1. Describe e establece as diferenzas entre a mitose e a meiose e explica o seu significado biolóxico.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCEC

		biolóxica.		
<ul style="list-style-type: none"> • a • f • e • j • k • l • g 	<p>B6.5. Expresión da información xenética. Concepto de xene e código xenético. Significado das mutacións e relacións coa evolución.</p>	<p>B6.5. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética: ácidos nucleicos e xenes.</p>	<p>B6.5.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto dexene, cromosoma e cariotipo.</p>	
			<p>B6.5.2. Ilustra os mecanismos da expresiónxenética.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
		<p>B6.6. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidadexenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.</p>	<p>B6.6.1. Explica enqueconsiste unha mutación e relaciona a súa presenza coa diversidade xenética.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCEC • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • f • o • m 	<p>B6.6. Significado da herdanza:</p> <p>principio s básicos. Coñecer algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.</p>	<p>B6.7. Formular os principios básicos da herdanza e recoñecer a súa base cromosómica. Coñecer como se produce a herdanza do sexo e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.</p>	<p>B6.7.1. Recoñece como se produce a herdanza, utilizando como modelo a herdanza do sexo e identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • c • d • i • g • h • m • o • p 	<p>B6.7. Aplicacións da enxeñaría xenética: clonación, organismos modificados xenericamente. Implicaciónssociais.</p>	<p>B6.8. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética e do proceso de clonación.</p>	<p>B6.8.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
		<p>B6.9. Recoñecer as aplicacións da clonación e dos organismos modificados xeneticamente (OMX) e valorar as súas aplicacións.</p>	<p>B6.9.1. Interpreta e valora as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía (no campo da agricultura, na gandaría, no ambiente, na saúde, entre outros). Investiga sobre exemplos cotiáns.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CD

UNIDADE DIDÁCTICA 7: AS PERSOAS E A SAÚDE. PROMOCIÓN DA SAÚDE.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • f • i • j • k • o 	B7.1. Visión global das funcións vitais e os aparellos e sistemas implicados no ser humano. Hábitos e estilos de vida saudables. Consecuencias para o individuo e a sociedade de seguir condutas de risco.	B7.1. Describir os niveis de organización do organismo humano e as funcións vitais en que participan.	B7.1.1. Sinala os distintos niveis de organización do corpo humano analizando a estruturaxerárquica que se establece desde o nivel celular até o de organismo.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
			B7.1.2. Identifica os sistemas e aparellos implicados en cada unha das funcións vitais.	
			B7.1.3. Investiga sobre as implicacións dos hábitos para a saúde e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promover a individual ou colectivamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • e • j • k • l • o 	B7.2. Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición. Compoñentes e funcionamento dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	B7.2. Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.	B7.2.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
		B7.3. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	B7.3.1. Recoñece os compoñentes e a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • f • i • j 	B7.3. Diferencia entre alimentación e nutrición, e coñecemento dos principais nutrientes e as súas funcións básicas.	B7.4. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas	B7.4.1. Diferencia o proceso de nutrición do da alimentación.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
			B7.4.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.	

<ul style="list-style-type: none"> • k • l • o 	<p>Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Importancia dunha boa alimentación. Do</p>	<p>B7.5. Relacionar as dietas coa saúde a través de exemplos prácticos e argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.</p>	<p>B7.5.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico, empregando para iso diferentes fontes de información.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CSC
			<p>B7.5.2. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • e • j • k • l 	<p>B7.4. Función de relación. Visión global e integradora dos sistemas, aparellos e órganos implicados.</p>	<p>B7.6. Explicar os procesos fundamentais da función de relación, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.</p>	<p>B7.6.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos e os sistemas implicados na función de relación, e relaciónaos coa súa contribución no proceso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • a • e • f • j • k • l • o • p 	<p>B7.5. Organización e funcionamento coordinado do sistema nervioso ante diferentes estímulos. Doenzas comúns do sistema nervioso: causas, factores de risco e prevención. Alteracións producidas por distintos tipos de substancias aditivas (alcohol, tabaco, heroína, cannabis).</p>	<p>B7.7. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e a necesidade do seu coidado.</p>	<p>B7.7.1. Describe e especifica a función de cada aparello e de cada Sistema implicado na función de relación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
		<p>B7.8. Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento e as doenzas e alteracións máis comúns.</p>	<p>B7.8.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaos coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
		<p>B7.9. Recoñecer os efectos que as diferentes drogas teñen sobre a saúde e a autoestima das persoas.</p>	<p>B7.9.1. Enumera as características que presenta unha sustancia para ser considerada droga e analiza as consecuencias fisiolóxicas, psicolóxicas e sociais do</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CCEC

			consumo.	
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • o 	B7.6. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función. Principais alteracións.	B7.10. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función.	B7.10.1. Identifica a partir de esquemas e gráficos as glándulas endócrinas e asocia con elas ashormonas segregadaseasúafunción.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
			B7.10.2. Relaciona determinados problemas de saúde co déficit ou exceso de produción dunha hormona específica.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • e • j • k • l • o • p 	B7.7. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso. Alteración s frecuentes e prevención das lesións	B7.11. Identificar os principais ósos e músculos do aparato locomotor e analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	B7.11.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor e diferenza os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
		B7.12. Controlar os riscos asociadas a actividades físico deportivas e detallar as lesións máis frecuentes no aparello locomotor e como se preveñen.	B7.12.1. Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
			B7.12.2. Aplica fundamentos de hixiene postural na practica de actividades físicas e en tarefas cotiáns como medio para previr lesións.	
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • o 	B7.8. Función de reprodución. Sexualidade e reprodución. Compoñentes e funcionamento do aparello reprodutor humano. Cambios físicos e psíquicos	B7.13. Describir os aspectos básicos da reprodución diferenciándoa da sexualidade e valorar os hábitos sexuais saudables como aspectos	B7.13.1. Explica e diferenza o proceso reprodutivo como forma de garantir a perpetuación da especie da sexualidade considerada como unha forma de comunicación afectiva e persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC • CCL

	na adolescencia. Resposta sexual humana. Sexo e sexualidade.	básicos da saúde física, mental e social.	B7.13.2. Interpreta esquemas nos que se representan os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino e especifica a súa función.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
			B7.13.3. Describe a función das hormonas nos procesos que se producen o longo do desenvolvemento físico e psíquico do ser humano en relación a súa sexualidade.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • e • j • k • l • o 	B7.9. Métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual. Saúde e hixiene sexual.	B7.14. Comprender o funcionamento dos métodos anticonceptivos e valorar o uso de métodos de prevención de doenzas de transmisión sexual.	B7.14.1. Compara a eficacia dos distintos métodos anticonceptivos e analiza os factores persoais e sociais que poden determinar o seu uso.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC • CCEC
			B7.14.2. Explica as medidas que se deben tomar para evitar o contaxio das enfermidades de transmisión sexual.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • f • i • o • p 	B7.10. Técnicas de reprodución asistida e de fecundación <i>in vitro</i> , para argumentar o beneficio que supuxo este avance científico para a sociedade.	B7.15. Coñecer as principais técnicas de reprodución asistida e de fecundación <i>in vitro</i> .	B7.15.1. Investiga e valora sobre as principais técnicas de reprodución asistida razoando en que casos se han de aplicar e os beneficios que supuxo este avance científico para a sociedade.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CD • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • e • j • k • l • o 	B7.11. Significado de saúde e doenza e factores que os determinan. Os microorganismos: bacterias e virus. A súa importancia. Diferenciar as doenzas (infecciosas e	B7.16. Diferenciar os conceptos de saúde e enfermidade segundo a OMS e descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, e os factores que os determinan.	B7.16.1. Identifica a correlación existente entre algúns factores físicos, psíquicos e sociais e enfermidades relacionadas.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
			B7.16.2. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan ás rexións dun mundo globalizado e diseña propostas de actuación.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE

	non infecciosas).	B7.17. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan á poboación.	B7.17.1. Explica a diferenza entre enfermidades infecciosa e non infecciosa, transmisible e non transmisible, citando exemplos comúns, e relaciónaaas coas súas causas.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
			B7.17.2. Enumera os tipos de microorganismos capaces de provocar enfermidades e explica como defenderse para evitar que se produza unha enfermidade.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • j • k • l • o • p 	B7.12. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune. Prevención e curación de doenzas: vacinas, soros e antibióticos. Uso responsable dos medicamentos.	B7.18. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.	B7.18.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC • CCL
			B7.18.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns e medidas para facer un uso responsable dos medicamentos.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • g • l • o 	B7.13. Medidas positivas para a mellora da saúde: hábitos e estilos de vida saudables. Doazón de células e órganos.	B7.19. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual, e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	B7.19.1. Recoñece que hábitos son adecuados o inadecuados para manter un estado óptimo de saúde e para previr enfermidades e mellorar a calidade de vida e xustifica con exemplos as eleccións que se poden realizar para promover a individual e colectivamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
		B7.20. Identificar as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.	B7.20.1. Xustifica a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC

UNIDADE DIDÁCTICA 8. ECOLOXÍA E MEDIO AMBIENTE. XESTIÓN SOSTIBLE DO PLANETA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • j • k • l • m • n • p 	B8.1. Dinámica do ecosistema. Ciclo da materia e fluxo de enerxía. Transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica, e consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.	B8.1. Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica e deducir as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.	B8.1.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas e valora a súa importancia para a vida en xeral e o seu mantemento.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
		B8.2. Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista sustentable.	B8.1.2. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE
		B8.2. Factores que desencadean desequilibrios nos ecosistemas e estratexias para restablecer o seu equilibrio.	B8.2.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, valorando criticamente a súa importancia utilizando contextos cercanos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • k 	B8.2. Factores que desencadean desequilibrios nos ecosistemas e estratexias para restablecer o seu equilibrio.	B8.3. Identificar un ecosistema e os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o equilibrio do mesmo.	B8.3.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • a • f • i • j • k • m • p 	B8.3. Impactos das actividades humanas nos ecosistemas: problemas de contaminación ambiental actuais. Repercusión da actividade humana sobre a atmosfera, a auga e o solo. Actitudes que contribúan á súa solución.	B8.4. Recoñecer as actividades humanas que contribúen aos principais problemas medioambientais.	B8.4.1. Identifica os principais problemas medioambientais que afectan ao planeta.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE
		B8.5. Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar o deterioro da atmosfera,	B8.5.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación da atmosfera, da auga e do solo, da desertización, esgotamento de recursos, etc.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL • CCEC • CSC

		a auga e o solo.	B8.5.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSIEE • CCL • CD
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • d • e • i • j • k • l 	<p>B8.4. Os residuos e a súa xestión. Procesos de tratamento de residuos e a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo. Importancia da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión no ámbito familiar e social. Actitudes que contribúan a diminuír os residuos que xeramos: regra dos tres R.</p>	B8.6. Concretar procesos de tratamento de residuos edescriber a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo.	B8.6.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE
		B8.7. Contrastar argumentos a prol da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión na esfera familiar e social da importancia de practicar a regra dos tres R.	B8.7.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais, utilizando para iso distintas fontes de información.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CD
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • f • k • p 	<p>B8.5. Uso de enerxías renovables como factor fundamental para un desenvolvemento sustentable. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía. Actitudes que contribúan a diminuír o consumo de enerxía.</p>	B8.8. Asociar a importancia da utilización de enerxías renovables no desenvolvemento sustentable.	B8.8.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CAA

E. METODOLOXÍA

Tendo en conta que unha das finalidades da educación de persoas adultas e a formación dunha cidadanía crítica e libre, capaz de participar democraticamente na sociedade, resulta importante ter en conta os **principios metodolóxicos** sobre os que se debe basear a educación das persoas adultas no ámbito científico/tecnolóxico:

1.- Fomentar aprendizaxes **significativas** e funcionais orientadas á aplicación práctica dos coñecementos adquiridos en situacións diversas. Para conseguir aprendizaxes significativas temos en conta as experiencias e coñecementos previos do alumnado para se ir achegando progresivamente a interpretacións máis elaboradas.

É importante planificar e realizar actividades que respondan as inquietudes e necesidades do alumnado que dean sentido práctico o seu traballo usando procedementos propios da ciencia.

2.- Presentar os contidos dun xeito **integrado** (globalizado) en conexión con outros ámbitos do currículo: seleccionando obxectos de estudo e problemas relacionados coa vida cotiá e o contorno laboral que faciliten un tratamento integrado e útil dos contidos.

Utilizando preferentemente o método de proxectos na resolución de problemas técnicos, polo seu carácter planificador e motivador.

Realizando actividades globalizadas que permitan o tratamento interdisciplinar en coordinación co profesorado doutros ámbitos.

3.- Fomentar a **autonomía, iniciativa** persoal, o **traballo en equipo** e a **creatividade** para se enfrontar á resolución de todo tipo de problemas: Presentando situacións problemáticas en que o alumnado, individualmente ou en grupo, teña que abordar de xeito autónomo e creativo tódalas fases do proceso (análise do problema, emisión de hipóteses, procura de estratexias de resolución, comprobación das hipóteses, extracción e debate das conclusións).

4.- Atender á **diversidade (principio de individualización)** do alumnado con ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e dispoñibilidade persoal diferentes:

Pondo á disposición do alumnado actividades con diferentes grados de complexidade ou dificultade que permitan progresar en función das posibilidades de cada quen.

Utilizando recursos didácticos e fontes de información moi variadas (gráficas, textos, documentais, Internet, follas de cálculo, etc).

5.- Incorporar os recursos tecnolóxicos e informáticos na procura de información e resolución de problemas: Empregando o procesador de texto na elaboración de traballos escritos, a folla de cálculo na representación de gráficas e estatísticas, programas de presentacións para traballos en equipos, a calculadora científica nos cálculos ordinarios.

Propoñendo pequenos proxectos de investigación que impliquen a planificación do traballo, a comprobación de hipóteses e a elaboración de conclusións en pequenos grupos.

6.- Desenvolver estratexias que fomenten actitudes responsables e o espírito crítico do alumnado para mellorar a súa participación na vida cultural, social, política e económica:

Analizando situacións conflitivas procedentes do medio natural e as consecuencias das accións humanas sobre el, como os incendios, a explotación dos recursos naturais, os espazos protexidos, etc participando en iniciativas que contribúan a súa conservación e súa mellora.

Fomentando os hábitos de coidado e saúde corporal, o espírito crítico respecto dalgunhas prácticas sociais pouco saudables.

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Estes alumnos normalmente non traballan con un libro de texto concreto.

Os recursos que se utilizan no ámbito científico/tecnolóxico son:

- Apuntamentos e fichas elaborados polo profesor que imparte a materia.
- Caderno de exercicios de matemáticas ed. Anaya.
- Unidades didácticas para o módulo III e IV editados pola Xunta de Galicia para adultos.
- Aula virtual do centro

H. AVALIACIÓN

A.- AVALIACIÓN INICIAL.

Comezaremos o curso con 2 **probos iniciais: unha de matemáticas e outra máis xeral sobre contidos do eido das ciencias experimentais.** Ámbalas dúas nos amosarán o nivel de partida de

coñecementos dos alumnos.

Estas probas, xunto coa observación continua durante as primeiras sesións do cuatrimestre permite facernos unha idea do nivel de coñecementos e as destrezas do alumnado. Despois, decidiremos os alumnos que necesitan una atención máis personalizada.

B.- AVALIACIÓN CONTINUA

	Traballo diario Actitude e participación	Probas escritas
Módulos 3 e 4	40%	60%

- Realizaranse **PROBAS ESCRITAS ao remate de cada unidade**. Algunha unidade poderá ser avaliada cun **proxecto ou traballo** en vez de cunha proba escrita.
- As probas escritas faranse por separado, é dicir unha examinará os conceptos de matemáticas, outra os de física e outra avaliará os coñecementos acadados na área de Bioloxía-Xeoloxía
- Unha vez obtidas as 3 notas, faremos a media aritmética das tres, ao resultado obtido,se lle aplicará o 60% establecido no punto anterior.
- O traballo e actitude diaria dos alumnos corresponderá **ó 40% da nota**. Esta parte da nota gobaal avaliaráse pola observación directa nas clases (tanto na aula habitual como no laboratorio) de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta as preguntas, comprensión, etc. Tamén teranse en conta as libretas de clase e de laboratorio, os traballos, voluntarios ou non, feitos polos alumnos (tanto escritos como expostos oralmente), os exercicios realizados e recollidos durante as clases, ou calquera outra forma de levar control dos adiantos dos alumnos. **Para poder cuantificar ben esta nota, utilizaranse rúbricas que nos permitan avaliar ao alumnado dun modo moito máis preciso.**
- A cualificación final do módulo obterase da media aritmética das cualificacións das dúas avaliacións.

C.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado que tras a avaliación final ordinaria teña algún ámbito avaliado con cualificación negativa e sen promocionar poderá presentarse para realizar a avaliación extraordinaria nos meses de Maio e Setembro nos seguintes casos:

- + O alumnado que durante o primeiro cuatrimestre, de Setembro a Xaneiro, non supere ou non sexa promovido ó módulo seguinte, así como o que figure como non presentado nas actas da avaliación ordinaria no mes de Xaneiro, terá dereito a unha única avaliación extraordinaria na convocatoria do mes de Maio.
- + O alumnado que figure como non presentado ou con algún ámbito sen promocionar nas actas da avaliación ordinaria do mes de Xuño terá dereito a unha avaliación extraordinaria na convocatoria de Setembro.

Os alumnos que concorran á proba extraordinaria de **maio ou setembro** deberán facer un exame semellante aos que se fixeron ao longo do curso.

PERDA DAVALIACIÓN CONTINUA NAS ENSINANZAS BÁSICAS DE ADULTOS

A falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito da avaliación continua nos seguintes casos:

- + Nun ámbito, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do horario establecido.
- + En tódolos ámbitos, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30% do horario establecido para tódolos ámbitos, áreas ou materias no que estea matriculado.

I. INDICADORES DE LOGROS PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para poder saber o grao de consecución no proceso de ensino-aprendizaxe así como foi desenvolvida a materia, e o grao de satisfacción do alumnado

Un aspecto que inclúe esta programación é a reflexión sobre a propia práctica docente, permitindo ao profesor ou á profesora mellorar as aprendizaxes dos alumnos e alumnas. Para levar a cabo este proceso utilizaremos as seguintes ferramentas:

Para avaliación competencial → Rúbricas para avaliar os apuntamentos da clase, a resolución individual de exercicios, a avaliación dun exame, a realización de resumos e mapas conceptuais, a presentación de traballos orais e escritos e para avaliar os debates sobre a materia.

Para o tratamento da diversidade → Rúbricas para avaliar o tratamento da diversidade individual e no grupo.

Para a reflexión e a avaliación da práctica docente → Estaremos pendentes e analizaremos polo miúdo: a Planificación da materia, a motivación do alumnado, o Desenvolvemento do proceso de ensinanza e o seguimento e avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe.

PENDENTES: ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN

Aos alumnos/as do módulo 4 que teñan pendente o módulo 3 entregaránselle boletíns de problemas e actividades deste módulo para que as vaian realizando. Poderán consultar as dúbidas que teñan ao longo do curso. Se realizan esas actividades teráselle en conta e puntuaranse cunha nota que será o 40% e o exame de maio valerá o 60%.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Dada a gran disparidade do alumnado que recibimos e para favorecer a atención de grupos tan heteroxéneo levaremos a cabo as seguintes actuacións:

- ↳ Favorecer actividades cooperativas para previr e evitar a segregación de alumnos con dificultades de integración
- ↳ Crear un clima de confianza explicando o por que das cousas e aceptando suxerencias.
- ↳ Realizar un apoio individualizado a determinados membros do grupo que o necesiten.
- ↳ Levar a cabo reforzos individualizados ou a pequenos grupos mediante a acción directa do profesor nas horas de clase co grupo ou en horas lectivas dedicadas especificamente a elo.
- ↳ Fomentar axudas entre compañeiros.

Apostamos polo principio de individualización, que di que todos somos diferentes polo que se necesita un trato distinto adaptado ás características de cada quen.

Para responder á diversidade dos alumnos/as adultos/as ofertamos actividades de reforzo e de ampliación en cálculo dúas horas semanais. Tamén se oferta actividades de recuperación para os alumnos/as adultos/as que teñan materias pendentes no mes de Setembro.

Se nalgún momento do curso notase algún desfase curricular nalgún alumno/ adulto/a pediremos axuda ó Departamento de Orientación.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse ao longo de todo o curso. Desde o ámbito científico faremos especial fincapé en:

- As tecnoloxías da información e da comunicación → na medida do posible iremos á aula de informática para exercicios on line.
- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita → Traballaremos con lecturas en cada unidade onde se analizarán as ideas principais e xurdirán debates e coloquios dos mesmos.

→ A comunicación audiovisual → ao longo da materia veremos diferentes documentais.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ÁMBITO CIENTÍFICO

Aínda que este documento se elabora con vontade de permanencia no tempo, introducíranse as melloras necesarias para que non se reduza a un mero formalismo burocrático. Só desta maneira esta programación se converte nun instrumento eficaz da práctica pedagóxica.

Realízanse os cambios oportunos, en función do *feedback* obtido durante o desenvolvemento desta programación. Para este fin analizaremos as rúbricas propostas como indicadores do logro do proceso de ensino-aprendizaxe e da práctica docente. As modificacións reflectiranse na Memoria final do curso e incluíranse na programación didáctica do vindeiro ano.

Propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta realízase ao final de cada trimestre, para así poder rexistrar os cambios oportunos.

ENSINO SEMIPRESENCIAL

INTRODUCCIÓN

Debemos ter en conta que este tipo de ensino xa é o que se imparte no bacharelato de adultos polo que o que se vai expoñer neste apartado son as modificacións que se van a producir no que corresponde ao **ámbito científico tecnolóxico do módulo III/IV de adultos**.

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía a empregar nun ensino semipresencial debe ter en conta que o alumnado pasará varios días a semana sen asistir ao centro e outros nos que sí o faga nun grupo mais reducido, de ahí que haxa que ter en conta as dúas situacións, polo que tanto este apartado como o do de recursos da programación didáctica de referencia para un ensino presencial, vese modificado polos que a continuación se citan.

1º Nun ensino semipresencial imos ter en conta que nos días en que o alumnado veña a clase, usaranse fundamentalmente para explicar os contidos que para o alumnado poidan resultar mais complicados, así como para resolver as posibles dúbidas que lles van xurdindo e que nos días de ausencia ao centro non puideron resolver coa axuda prestada a través dos medios e xeitos que se citan a continuación.

2º.- Para os días nos que o alumnado non asiste ao centro, o profesorado indicarlle o último día de presenza non centro, as actividades que debe realizar tanto de consolidación como ampliación dos distintos contidos. Para iso, propóranse distintos tipos tanto de consolidación como de ampliación, nas que se considere que o alumnado poida acadar os obxectivos marcados.

3º.- [O profesorado de xeito voluntario, sempre que os recursos tecnolóxicos do centro o permitan, poderá facer videoconferencia dende a aula coa que está co resto do alumnado, de aqueles aspectos que estime oportunos, tendo presente que debe ser o profesor o único que saia durante o tempo que dure a videoconferencia.](#)

4º.- Traballar de xeito competencial tanto na aula como se facía ata agora como a distancia como se faría nun semiconfinamento, supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo.

5º Propúgnase unha aprendizaxe constructivista: quen aprende faino construíndo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo elemento de aprendizaxe debe engranar, tanto polo seu grado de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos do que aprende. Débense establecer niveis de partida sinxelos, moi asequibles para a práctica totalidade do alumnado, cunha secuencia de dificultade que permite encamiñar aos alumnos e ás alumnas máis destacadas en actividades que lles supoñan verdadeiros retos. Así, a metodoloxía será activa e participativa, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias clave.

6º É importante a vinculación a contextos reais dos traballos propostos, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. As tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

7º Por outra banda, a resolución de problemas será unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas

8º Todo o que se plantexa está buscando un obxectivo primordial que é que a motivación do alumnado se manteña o mellor posible dentro de toda esta situación que en moitos casos pode desbordar a alumnado, familias, profesorado e polo amosado ata agora, autoridades educativas. Cando falo de motivación do alumnado non se refire exclusivamente á materia de matemáticas, se non que é un concepto moito mais xeral, que traspasa a parte pedagóxica e entra xa no aspecto persoal como persoa, moito mais importante neste intre que a parte puramente académica máxime cando xa o curso pasado tiveron que estar confinados todo o terceiro trimestre.

9º.- Outro aspecto que se debe neste intre é a autonomía do alumnado para que sexa capaz de buscar a información que necesite para cada tipo de actividade, sempre coa supervisión do docente que está a facer de guía mais que de transmisor de contidos .

10º Os distintos cursos da aula virtual, usaranse como canle fundamental de comunicación co alumnado, nos que se deixará todo tipo de actividades e nos que o alumnado usará para subir as tarefas pedidas.. A través dos seus foros, tamén poden plantexar as dúbidas que estimen oportunas.

11º Por suposto e para rematar, hai que ter moi presente que os ritmos de evolución que se teñen con este tipo de metodoloxía semipresencial, nada teñen que ver cos presenciais, débese adaptar a situación, tendo en conta que os horarios dos alumnos poden mudar por múltiples razóns tanto familiares como persoais, ademais de que o proceso que teñen que levar a cabo para facer distintas actividades é moito mais lento do que podería ser nunha clase presencial polo que calquer tipo de actividade plantexada require dunha temporalización moito mais longa da que se podería dar en circunstancias normais con clases presenciais de ahí que se esta situación se dira, buscaríase acadar o grao mínimo de consecución dos estándares da programación de referencia

E. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Xa que a metodoloxía cambia, é evidente que tanto os materiais como os recurso didácticos , ademais de todos os que se indican na programación de referencia, que poidan seguir usándose, a maiores inclúense os que se citan a continuación:

1. Aula virtual do centro que se usará como ferramenta fundamental tanto de comunicación como de entrega de tarefas por parte do alumnado.
2. Sesións de videoconferencia sempre que sexa posible á mesma hora que se ten no horario na modalidade presencial a través dos programas cisco-webex ou zoom meeting ou calquer outro para resolver dúbidas de todo tipo e manter contacto visual co noso alumnado.
3. Indicacións según o período que se indica, das actividades plantexadas, temporalizadas axeitadamente para os períodos nos que ao alumnado non asista ao centro.
4. Vídeos compartidos de explicacións de temas puntuais en carpetas do Google drive
5. E-mail para tanto plantexar dúbidas como manter contacto
6. Libro de texto que dispoñen os alumnos del no que se lle indican actividades para facer.
7. Se a editorial o permite, libro dixital para o alumnado
8. Apuntes, recursos, xogos, enlaces, cuestionarios e outro tipo de actividades que se lle deixan na aula virtual
9. Aplicacións interactivas nas que poden ir vendo distintas aplicacións
10. Vídeos tutoriais de youtube con explicacións ou exercicios resoltos.
11. Aplicacións para facer cuestionarios ou enquisas que aporten información da situación do noso alumnado.
12. Solicitude de entrega de actividades con un determinado tempo para ver a evolución do alumnado.(O tempo nalgúns casos é por semanas, noutros por días e en ocasións por horas)

En definitiva e para rematar, a metodoloxía tanto na súa aplicación como nos seus recursos mudan radicalmente debido a circunstancias excepcionais e obrigadas, e desta situación dentro da desgracia que está a supoñer, temos que ser capaces de extraer conclusións positivas a nivel pedagóxico, pensando que nun futuro nada nos di que non volvamos a ter que repetir esta situación

Novos xeitos de transmitir, de comunicar, de valorar, de seguir a evolución do alumnado estamos a descubrir moitos de nos, e por suposto que aínda que nunca poderán suplir ás clases presenciais, porén sí poden chegar a ser un bo complemento .

XEITO DE GARANTIR A CONEXIÓN DE TODO O ALUMNADO

Durante os primeiros días de curso, farase unha análise dos recursos dos que dispoñen os nosos alumnos, para se chegado o caso, houbese que ir a un ensino destas características, poidamos ter xa superadas todas as situacións posibles.

Así, para todos aqueles alumnos, que manifesten non dispor de recursos dixitais para un posible confinamento, porase en coñecemento do centro educativo e da inspección educativa, para que sexan eles quen, a través da administración educacativa, usando os recursos dos que din e se anuncia nos distintos medios de comunicación que se dispón, poidan resolver a posible problemática antes que aconteza.

Os xeitos de comunicación do alumando nun ensino semipresencial van ser mais doados de manter, xa que a súa presenza no centro durante algúns días da semana fará que sempre haxa comunicación directa con eles.

Cando estean na casa farase a través das seguintes canles:

- Aula virtual do centro
- Entorno abalar para comunicación fundamentalmente cos pais
- E-mail para posibles dúbidas que poidan xurdir.
- Teléfono para aqueles alumnos con maior dificultade de conexión
- Entrega de tarefas no centro ao seu pai-nai ou titor legal se non houbese outro recurso
- Comunicación co concello para que traslade o material e información necesaria á casa do alumno como último recurso.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

O resto dos apartados que non se modifican neste bloque de ensino semipresencial, mantéñense iguais que na programación de referencia, especialmente o que atinxe aos criterios de avaliación que segue iguais coas mesmas porcentaxes, tendo en conta que as probas escritas se farán presenciais durante os días nos que o alumnado asista ao centro.

ENSINO TELEMÁTICO

INTRODUCCIÓN

Debemos ter en conta que este tipo de ensino telemático só se daría no caso nun confinamento total polo que o que se vai expoñer neste apartado sí que afecta tanto ao **ámbito científico tecnolóxico do módulo III/IV de adultos como ao bacharelato de adultos que pasaría a ser telemático na súa totalidade**

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

No suposto que se producira unha situación similar á acontecida o curso pasado no que se establece un confinamento total ata finais de curso, o ensino pasaría a ser de xeito total telemático.

A experiencia vivida o curso pasado debe servir como referencia para corrixir erros que se produciron pola improvisación total que se viviu e a falta de medios en moitos casos.

A metodoloxía a empregar nun ensino telemático debe ter en conta que o alumnado pasará un periodo de tempo longo sen a referencia e presenza no centro, polo que a metodoloxía a usar debe ser distinta a que se podería dar nos dous supostos anteriores. Así vanse a ter en conta os seguintes aspectos:

1º Nun escenario de confinamento total e polo tanto ensino telemático, o alumnado debe estar preparado para afrontalo xa que durante os primeiros días de curso, debemos ter detectados as posibles dificultades que poidan ter os nosos alumnos para unha conexión telemática e telas solucionadas coa axuda da administración

2º.- A través dos cursos creados na aula virtual, deixarase todo tipo de documentación, referencias, explicacións enlaces, tarefas... e todo aquilo que o profesorado considere oportuno para seguir co ritmo do curso. Será polo tanto a aula virtual, a canle prioritaria para a comunicación co noso alumnado. Ditas tarefas deixaranse preferiblemente semanalmente para que o alumnado se poida organizar mellor co resto das materias xa que é probable que os seus horarios de traballo muden por distintas razóns, organización persoal, familiar....

3º.- O profesorado impartirá videoconferencias preferentemente ás horas nas que se tiña co grupo en cuestión durante o ensino presencial. Se esa hora por diversas causas tivera que modificarse, sempre se deberá consensuar co alumnado para que non afecte ao resto das materias.

4º.- Nas sesións de videoconferencias usaranse fundamentalmente para explicar contidos básicos e resolver dúbidas que poidan ter plantexadas previamente o alumnado a través dos medios establecidos para iso. Foros dos curso da aula virtual, mensaxería privada, email ou calquer outro que o profesorado estime oportuno para cada caso

5º.- Traballar de xeito competencial tanto na aula como se facía ata agora como a distancia como se faría nun confinamento total, supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo.

6º Propúgnase unha aprendizaxe constructivista: quen aprende faino construíndo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo elemento de aprendizaxe debe engranar, tanto polo seu grado de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos do que aprende. Débense establecer niveis de partida sinxelos, moi asequibles para a práctica totalidade do alumnado, cunha secuencia de dificultade que permite encamiñar aos alumnos e ás alumnas máis destacadas en actividades que lles supoñan verdadeiros retos. Así, a metodoloxía será activa e participativa, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias clave.

7º É importante a vinculación a contextos reais dos traballos propostos, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. As tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

8º Por outra banda, a resolución de problemas será unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas

9º Todo o que se plantexa está buscando un obxectivo primordial que é que a motivación do alumnado se manteña o mellor posible dentro de toda esta situación que en moitos casos pode desbordar a alumnado, familias, profesorado e polo amosado ata agora, autoridades educativas. Cando falo de motivación do alumnado non se refire exclusivamente á materia de matemáticas, se non que é un concepto moito mais xeral, que traspasa a parte pedagóxica e entra xa no aspecto persoal como persoa, moito mais importante

neste intre que a parte puramente académica máxime cando xa o curso pasado tiveron que estar confinados todo o terceiro trimestre.

10º.- Outro aspecto que se debe neste intre é a autonomía do alumnado para que sexa capaz de buscar a información que necesite para cada tipo de actividade, sempre coa supervisión do docente que está a facer de guía mais que de transmisor de contidos .

11º Os distintos cursos da aula virtual, usaranse como canle fundamental de comunicación co alumnado, nos que se deixará todo tipo de actividades e nos que o alumnado usará para subir as tarefas pedidas.. A través dos seus foros, tamén poden plantexar as dúbidas que estimen oportunas.

12º Por suposto e para rematar, hai que ter moi presente que os ritmos de evolución que se teñen con este tipo de metodoloxía semipresencial, nada teñen que ver cos presenciais, débese adaptar a situación, tendo en conta que os horarios dos alumnos poden mudar por múltiples razóns tanto familiares como persoais, ademais de que o proceso que teñen que levar a cabo para facer distintas actividades é moito mais lento do que podería ser nunha clase presencial polo que calquer tipo de actividade plantexada require dunha temporalización moito mais longa da que se podería dar en circunstancias normais con clases presenciais de ahí que se esta situación se dira, buscaríase acadar o grao mínimo de consecución dos estándares da programación de referencia

E. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Xa que a metodoloxía cambia, é evidente que tanto os materiais como os recurso didácticos , ademais de todos os que se indican na programación de referencia, que poidan seguir usándose, a maiores inclúense os que se citan a continuación:

13. Aula virtual do centro que se usará como ferramenta fundamental tanto de comunicación como de entrega de tarefas por parte do alumnado.
14. Sesións de videoconferencia sempre que sexa posible á mesma hora que se ten no horario na modalidade presencial a través dos programas cisco-webex ou zoom meeting ou calquer outro para resolver dúbidas de todo tipo e manter contacto visual co noso alumnado.
15. Indicacións según o período que se indica, das actividades plantexadas, temporalizadas axeitadamente para os períodos nos que ao alumnado non asista ao centro, preferiblemente organizadas semanalmente.
16. Vídeos compartidos de explicacións de temas puntuais en carpetas do Google drive
17. E-mail para tanto plantexar dúbidas como manter contacto
18. Libro de texto que dispoñen os alumnos del no que se lle indican actividades para facer.
19. Se a editorial o permite, libro dixital para o alumnado
20. Apuntes, recursos, xogos, enlaces, cuestionarios e outro tipo de actividades que se lle deixan na aula virtual
21. Aplicacións interactivas nas que poden ir vendo distintas aplicacións
22. Vídeos tutoriais de youtube con explicacións ou exercicios resoltos.
23. Aplicacións para facer cuestionarios ou enquisas que aporten información da situación do noso alumnado.
24. Solicitude de entrega de actividades con un determindado tempo para ver a evolución do alumnado.(O tempo nalgúns casos é por semanas, noutros por días e en ocasións por horas)

En definitiva e para rematar, a metodoloxía tanto na súa aplicación como nos seus recursos mudan radicalmente debido a circunstancias excepcionais e obrigadas, e desta situación dentro da desgracia que está a supoñer, temos que ser capaces de extraer conclusións positivas a nivel pedagóxico, pensando que nun futuro nada nos di que non volvamos a ter que repetir esta situación

Novos xeitos de transmitir, de comunicar, de valorar, de seguir a evolución do alumnado estamos a descubrir moitos de nos, e por suposto que aínda que nunca poderán suplir ás clases

presenciais, porén sí poden chegar a ser un bo complemento .

XEITO DE GARANTIR A CONEXIÓN DE TODO O ALUMNADO

Durante os primeiros días de curso, farase unha análise dos recursos dos que dispoñen os nosos alumnos, para se chegado o caso, houbera que ir a un ensino destas características, poidamos ter xa superadas todas as situacións posibles.

Así, para todos aqueles alumnos, que manifesten non dispor de recursos dixitais para un posible confinamento, porase en coñecemento do centro educativo e da inspección educativa, para que sexan eles quen, a través da administración educativa, usando os recursos dos que din e se anuncia nos distintos medios de comunicación que se dispón, poidan resolver a posible problemática antes que aconteza.

Os xeitos de comunicación do alumnado nun ensino telemático van a depender dos recursos dos que o noso alumnado dispoña. Así en función destes, teremos os mecanismos seguintes para garantir a conexión co noso alumnado.

- Aula virtual do centro
- Entorno abalar para comunicación fundamentalmente cos pais
- E-mail para posibles dúbidas que poidan xurdir.
- Teléfono para aqueles alumnos con maior dificultade de conexión
- Entrega de tarefas no centro ao seu pai-nai ou titor legal se non houbera outro recurso
- Comunicación co concello para que traslade o material e información necesaria á casa do alumno como último recurso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Debemos ter en conta que unha situación de confinamento total e polo tanto un ensino exclusivamente telemático só se daría en situacións totalmente excepcionais atendendo ás indicacións que nos transmiten as autoridades educativas.

En virtude disto, só se modificarán os criterios de avaliación de todos os cursos da ensinanza de adultos no suposto en que un trimestre ou mais se diran **na súa totalidade** a través deste ensino. Neste suposto para o trimestre ou trimestres nos que se produza, aplicaremos os seguintes criterios:

Para o ámbito científico tecnolóxico do módulo III/IV de adultos:

AVALIACIÓN	UNIDADE	Procedementos e instrumentos de avaliación	
AVALIACIÓN	UNIDADES	Probas escrita	Entrega de esquema, Exercicios ao final do tema,... Proxectos Observación directa do traballo a través da aula virtual e videoconferencias
% CUALIFICACIÓN		50%	50%

Para o bacharelato de adultos:

Séguese mantendo as dúas probas escritas para cada unha das avaliacións ordinarias, tendo en conta que para a realización destas terase en conta o que se especifica a continuación.

- **Probas escritas: Modifícase** unicamente o **xeito de facelas**, que serán a través de videoconferencias con cámara aberta por parte do alumno non permitindo que a desconecte sen autorización do profesor. Se isto acontece, a proba daríase por nula e teríase que facer unha nova. Se a situación persiste en novas convocatorias, o profesor modificará o xeito de facela, podendo usar os recursos da aula virtual se así o estima oportuno ou calquer outro que considere oportuno para garantir que o autor da proba sexa o alumno en cuestión.
- **Esta modificación das probas escritas tamén se aplica para o alumnado co módulo III pendente.**

Estas especificacións de probas escritas aplicáanse para os bacharelatos a distancia e para o ámbito científico tecnolóxico do módulo III/IV

✓ **Observación do traballo na casa:**

- **Caderno de traballo:** explica o desenvolvemento das actividades con todas as actividades completas, revisa e completa as anotacións feitas polo profesor/a, é correcta a expresión escrita, limpeza e a presentación
- Leva o traballo ao día e fai as entregas en tempo e forma.
- Exposición de exercicios a través das videoconferencias
- Atende e amosa interese polo traballo.
- Axuda e amosa respecto ós compañeiros.
- A súa relación co profesor/a e compañeiros é correcta.
- Coida o material e respeta as normas establecidas para as videoconferencias

- Todo o demais que se cita na programación de referencia con respecto aos criterios de avaliación mantense en vigor.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

O resto dos apartados que non se modifican neste bloque de ensino telemático , mantéñense iguais que na programación de referencia de ensino presencial.